

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de agosto de 2020
Duración	Desde as 20:32 ata as 0:55 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas de sesións anteriores

a) Acta da sesión 2020-6, extraordinaria de 15 de xuño

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020-6, extraordinaria de 15 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións as actas, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/6 extraordinaria de 15 de xuño; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/as Concelleiros/as Sres./Sras., Rodríguez Canosa, Pereira González, González González e Castiñeira Alén (MS), González Coto, Ledo Souto e Tourón Domínguez (PSdeG-PSOE), Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Valcárcel Bernárdez (PP) e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Pérez Cabaleiro por non asistir a esa sesión.

b) Acta da sesión 2020-7, ordinaria de 25 de xuño.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a Señora presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020-7, ordinaria de 25 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. González Souto: Creo que na páxina 2 hai un erro de transcripción, na Intervención de Verónica fala de 20.761,65 €, pero eu creo que eran de 8.000 €, terá que confirmar Verónica.



Sra. Tourón Domínguez: Sí eran 8 mil e algo .

Sra. Alcadesa: Na páxina 6 na miña intervención na terceira fila, na declaración onde pon “o motivo da negación” é ten que dicir “o motivo da denegación”.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións as actas, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/7 extraordinaria de 25 de xuño; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos/as Concelleiros/as Sres./Sras., Rodríguez Canosa, Pereira González González González e Castiñeira Alén (MS), González Coto, Ledo Souto e Tourón Domínguez (PSdeG-PSOE), Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Sra. Pérez Cabaleiro (PP) e UNHA ABSTENCIÓN da Valcárcel Bernárdez por non asistir a esa sesión.

Expediente 1434/2020. Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 6,

Sra. Pereira González:Boas tardes a todos e todas, tamén aos veciños que nos ven dende a súa casa a través das pantallas nesta nova realidade á que non acabamos de acostumarnos.

O primeiro punto da orde de día de hoxe é o orzamento para o ano 2020, como dicía a Alcadesa, é un dos documentos máis importantes do ano, si é certo que a esta Concelleira e ao equipo de goberno nos gustaría traer un pouco antes e poder traballar máis meses do ano co orzamento en vigor e non con el prorrogado, pero as dificultades, as peculiaridades deste ano, fixeron que antes fose imposible e aínda así nos sentimos bastantes satisfeitos de poder traer no mes de agosto este orzamento. Súmome aos agradecementos ao equipo de intervención na creación do expediente, que sempre son expedientes tediosos con un montón de información.

A proposta de aprobación inicial do orzamento que se trae é por un importe de 5.340.000 € tanto de gastos como ingresos, isto supón cerca duns 200.000€ de incremento respecto do orzamento do exercicio anterior, atendendo a clasificación que se fai por capítulos estes 5.000.000 repártense do seguinte xeito: o capítulo I que comprende os gastos de persoal como salarios, trienios, seguridade social, produtividades ten un importe de 1.668.265,45€ este é un dos capítulos máis grandes é ademais é tamén un dos que maior incremento sufriu con respecto do exercicio do ano anterior, incrementa en 160.000 € e este incremento débese a varias razóns. Por un lado unha suba salarial que se aplicou a principios de ano a todo o cadro de persoal, actualizacións de varios salarios derivados do cumprimento de



varias sentencias xudiciais, a incorporación dun aparelador como persoal laboral en cumprimento dunha sentenza xudicial e por último a dotación económica para postos de tesourería de habilitación nacional e oficial de policía, estes dous postos xa se recollían no anexo de persoal anteriormente pero non estaban dotados economicamente, nesta ocasión si ben non se lles dotou do 100% porque estamos xa estamos en agosto, si se lles dotou dunha porcentaxe económica. Acompáñase ao expediente o cadro tanto do persoal laboral como funcionarios e falamos dun cadro de entorno a 40 empregados.

En canto ao capítulo 2: Gastos correntes para bens e servizos por importe de 2.696.571,44€ que se dedican a gasto corrente de bens e servizos. Digamos que é o gasto ordinario que ten o Concello, acompáñase tamén ao expediente un anexo de ingresos onde se distribúen todos estes ingresos por partidas e programas económicos.

Os capítulos 3 e 9 contemplan 9.600 e 153.583,76 € respectivamente para gastos financeiros, isto é, para o pago de préstamos. En concreto este Concello ten dous préstamos bancarios co BBVA, estes dous capítulos tamén incrementan un pouquiño con respecto do exercicio anterior, isto débese a que, como lembrarán no orzamento anterior houbera un erro de cálculo e non se consignara contía suficiente para afrontar o pago de todo o ano, e a principio de ano en canto se detectou o erro trouxemos unha modificación orzamentaria para subsanalo.

No capítulo 4 de transferencias correntes contémpanse 158.483,97 € que son para pagos que o Concello fai a outras entidades, en concreto entran neste capítulo os 92.000€ que cada ano se dedican a subvencións nominativas para o tecido asociativo deste Concello. Nas Bases de execución recóllese cales son esas asociacións, o importe de cada unha, así coma o procedemento de concesión.

Por último en canto a gastos no Capítulo 6 recóllese 313.835,38 € para investimentos, acompáñase un anexo no que se determina cales son as partidas nas que se poden investir eses partidas.

En canto a ingresos, como sempre dicimos o presuposto é unha previsión e á hora de elaborar estes orzamentos o que primou foi o criterio de prudencia e polo tanto, o que se presupostou foi importes axustados ao que se recadou no exercicio anterior, polo tanto consideramos que son realistas. En impostos directos, IBI, IAE imposto de vehículos de tracción mecánica e incrementos de terreos de natureza urbana preténdese recadar 1.347.500€. No capítulo 2: impostos indirectos, a previsión de recadación é de 50.000€ en canto a taxas e outros ingresos. No capítulo 3 son 648.340,00€ a cantidade que se estima recadar. En transferencias correntes, que é o gordo dos ingresos, 2.821.500,00€ e en ingresos patrimoniais 3.000€.

O expediente conta cos informes favorables de intervención e de secretaría. Como xa



dixen ten os anexos do cadro de persoal, os anexos de inversións e tamén as bases de execución deste orzamento que son as instrucións de como executalo.

Por último, dicir que por primeira vez o capítulo 1 non pasou por mesa de negociación por incomparecencia da parte sindical á mesa convocada, se convocou mesa para o 10 de agosto, os representantes sindicais solicitaron o cambio da mesma por atoparse de vacacións, se accedeu a ese cambio, se volveu a convocar para unha semana despois e no día da convocatoria nos comunicaron por escrito que non ían a comparecer á mesma, a ese escrito se lle deu a resposta pertinente e por iso non pasou a mesa de negociación.

Sr. Núñez Troncoso: Boas noites, estamos ante uns orzamentos, outra vez máis, fora de prazo, un ano fora de prazo, tiñamos que estar falando agora dos orzamentos do 2021 e estamos falando do 2020. A escusa que nos dá o Goberno que nos dá á Alcaldesa é debido á pandemia, pero é que estes orzamentos tiñan que estar en vigor xa o 1 de xaneiro e xa non dicimos en xaneiro, febreiro perfectamente podíamos estar neste punto, polo tanto, deixen de descargar responsabilidades ou ben nos técnicos como fan algunha veces ou ben noutras administracións.

Na exposición que fixo a Concelleira de área, paréceme moi ben, cada un defende o punto como considera oportuno pero os veciños o que nos interesa é canto se vai gastar, investir en educación, en servizos sociais, en cultura, en deporte, en comercio, emprego, limpeza etc...No orzamento de ingresos podemos estar hasta certo punto de acordo, se sigue o criterio de prudencia e se tivo en conta a liquidación do último exercicio, ata acertaron bastante ben o que é a recadación do IBI, e porque digo que acertaron bastante ben? Grazas a xestión da Alcaldesa, digo grazas porque a Alcaldesa foi quen de solicitar ao catastro a actualización do valor catastral neste caso nun 3%, o que vai a implicar que neste exercicio os que vivimos en Salceda e temos vivenda habitual en Salceda e máis inmobles en Salceda, imos a pagar de IBI un 3%. Este é o modeloiño que firmou a Alcaldesa, non é este exactamente pero é un igual que este, o que firmou a Alcaldesa non o temos pese de telo pedido por rexistro fai un mes. No resto do ingresos estamos de acordo máis ou menos en algunha incluso a previsión é a baixa.

O orzamento de gastos 5.000.000 € dos cales a 30 de xuño hai consumidos, gastados un 71 %, quere dicir 3.550.000€ xa están gastados a 30 de xuño. Hai que ter en conta as factura que quedaron sen pagar do ano 2019 e algunha que virá máis, que de momento nin a Alcaldesa nin a Concelleira nos poden dicir o importe total. A todo isto hai que ter en conta o Plan económico financeiro que aprobou o goberno con 250.000€ é dicir, xa ao 1 de xaneiro temos trabado o orzamento cun 38%, 1.890.000€. Área de educación, recortan vostedes con respecto ao 2019 un 14% e iso tendo en conta unicamente o que retiraron para o plan de axuste, para o plan económico financeiro por 15.700€, se temos en conta os dous últimos anos pois vemos que o recorte e o 29 e medio, ou sexa 66.000€.



En Servizos Sociais, aquí a partida máis importe é o servizo de axuda ao fogar con 400.000€, tendo en conta as facturas que deixaron de pagar no 2019, que hai que aplicarlas a este orzamento pois solo imos a ter cartos por 129.000€ é dicir, teremos para pagarlle a empresa 3, 4 meses como moito, ou dito doutra forma, se lle deberá a empresa 280.000 € polos servizos prestados dende maio a decembro deste ano. Leo aquí o que dicía o Partido Socialista non fai moito *“no caso da partida de servizos sociais se especifiquen con informes dos técnicos/as do servizo que reflexen que sexa suficiente o crédito para cubrir a necesidade vixente”*, pois ese informe que antes tanto solicitaban non está enriba da mesa nin nos consta que o haxan pedido.

En cultura vemos unha redución dun 37 % e nós estamos de acordo que se reduza en cultura, máis que nada polas festa dos callos e a festa do cristo que por desgracia non se puido celebrar ou non se vai a celebrar pola pandemia, nós aí propomos reducir un 12 % que máis ou menos serían sobre 40.000 €, iso se chama coherencia. En deportes reducen un 35 %. En publicidade propaganda e gastos protocolarios consignan 95.000€ dos cales 18.000€ son para vídeos propagandísticos e tamén me remito ao que decía o Partido Socialista non fai moito *“vista a situación económica do Concello que se reduzan o 75 % as partidas de atención protocolarias e publicidade”* está recollido en acta, iso dicían cando esas partidas eran máis ou menos por 45.000€ pero e que agora son de 95.000€, un incremento dun 110%, antes había que reducir con 45.000 e agora con 95.000 non, nos parece que deberían ter un pouco máis de dignidade política, señora do Partido Socialista.

Limpeza e aseo na área de educación, o orzamento e igual que o do 2019, 52.000 €, non tiveron en conta a situación actual e resulta que a 30 de xuño xa temos os números vermellos, aí está o avance da liquidación que o acredita, pero e que a maiores no plan económico financeiro que vostedes aprobaron reducen esta partida en 10.000€, pois aí teñen o resultado menos 15.000.

Anexo de subvencións pois exactamente o mesmo que o 2019, agora me pregunto tanto que o Goberno usa a palabra consenso, cantas reunións tiveron coas diversas asociacións deportivas, culturais, educativas para consensuar as asignacións? que criterios se seguiron á hora de asignar esas subvencións? E o mesmo que realicen 5 ou 10 actividades a que non realicen ningunha? Despois vimos outra curiosidade, CP Altamira máis ou menos 520 alumnos subvención 1.200 €, IES Pedras Rubias máis ou menos 300 alumnos 2.400 euros.

Anexo de investimentos 2019 e 2020, exactamente igual 313.835,38€, sete partidas que comprende este anexo exactamente iguais as sete, o curioso que non imos a poder gastar os 313.000 porque hai que pagar as facturas do 2019 e hai que ter en conta o que reduciron no plan económico financeiro, polo tanto nos queda 105.000€. Recolle o informe de intervención que este anexo non está de acordo a normativa porque falta o detalle do proxecto, falta saber a que obra se destinan esas cantidades.



O que dicía a Alcaldesa no último pleno ordinario *“imos a ser rigorosos e imos facer caso do informes de intervención”* pois xa vemos que lle fan caso aos informes de intervención. Anexo de persoal, laboral e funcionario recolle o incremento como ben di a Concelleira pero curioso hai persoal laboral e persoal funcionario que non se lle recolle ese incremento, a pregunta é a Alcaldesa como xefa do persoal, ten algo persoal contra eses traballadores, por qué non se lle aplica este incremento? Falan vostedes de igualdade, está ben e todos estamos de acordo que se aplique a igualdade pero e que este goberno non está aplicando a igualdade, existe no cadro de persoal do mesmo grupo pero distinto salario cobran máis homes que mulleres, onde está a relación de postos de traballo? Onde está o convenio colectivo? Cántas reunións tiveron cos representantes sindicais? A mesa de negociación quince meses sen reunión e convocan unha para cando os representantes deste concello están de vacacións. O Partido Socialista que dicía que o conflito cos traballadores estaba plasmado no acordo que firmaron con Movemento Salceda, cando o van a resolver? Cando sexa vostede Alcaldesa, Señora Verónica? Xa lle digo que non vai a ser Alcaldesa, polo tanto sinto polos traballadores pero votarán outros tres anos máis sen convenio e sen RPT.

Sra. Tourón Domínguez: Boa tarde a todas e a todos e tamén a veciñanza que nos sigue dende as súas casas. Tamén me quero sumar a noraboa a Lucía e a todo o departamento de intervención por traer os orzamentos hoxe aquí, agradecer tanto o traballo dela nun ano complexo polo tema de pandemia e tamén no seu eido persoal. Temos neste equipo de goberno un compromiso de traer os orzamentos cada ano e iso é o que estamos facendo neste intre, non vou entrar moito nas cantidades porque entendo que o fixo Lucía e continuará como responsable da área, pero si destacar o incremento, como dicía ela, no capítulo 1 de persoal que representa o 33,36 % do orzamento, e dicir tamén que todos os gastos se adaptan aos importes tamén xa recoñecidos. Falaba o compañeiro Joaquín que xa tiñamos un recoñecemento extraxudicial de crédito, en xaneiro xa tiñamos un gasto comprometido, etc...pois os orzamentos tal como indica o informe de intervención se adaptaron xa tamén a ese recoñecemento. Recalcar tamén o que dicía a compañeira Lucía que é un orzamento realizado sobre todo tendo en conta o principio de prudencia, que creo que é importantísimo a hora de elaborar uns orzamentos. O compañeiro do Partido Popular nos fala do plan económico financeiro, o propio informe de intervención tamén nos di que está adaptado a ese plan económico financeiro que temos aprobado dende o 15 de xuño para o ano 2020 e 2021, ese plan económico financeiro do que fala o compañeiro Joaquín que parece que tanto molesta, é un plan económico que o Partido Socialista tanto na oposición coma o Partido Popular na oposición naquel momento reclamámbamos que se fixera, tanto o Partido Socialista coma Movemento Salceda cumprimos con ese compromiso de levalo, co cal entendo que é un dos signos de mellorar a parte financeira do Concello Salceda.

Dicir e que este orzamento ten un superavit de 153.586,76€, non é un orzamento perfecto o comentaba o Partido Popular, seguramente non é o mellor pero dende



logo é necesario e cumprimos o compromiso de traelo cada ano, esperamos ir mellorando isto tamén, hai que ter en conta o ano no que estamos. A parte do plan económico financeiro tamén estamos na senda da licitación, que é outro dos temas que nos aparecen no informe de intervención de servizos coma a limpeza, o SAF, os seguros, curso de formación que xa foron licitados, estase a traballar niso. Volvo a dicir un ano moi complexo no que non se puido avanzar todo o que se quixo pero que dende logo está na vontade deste equipo de goberno facer as cousas nesta liña e seguir traballando así.

Non vou falar neste punto da educación nin de todos eses recortes dos que falaba o compañeiro Joaquin, é un pleno extenso e xa van eses puntos noutros apartados deste pleno, so vou a dicir, é gracioso que fale de recortes xusto das áreas que son competencia da Xunta de Galicia e non do Concello de Salceda, é cando menos curioso.

En canto aos anexos de subvención que mencionaba e que é o mesmo que o ano pasado, xusto nalgún dos seus comentarios falaba do ano que estamos, que hai que adaptarse, que en educación por exemplo non tiñamos o saldo necesario, dicir que este capítulo de subvencións pode servir para ir adaptándose as necesidades dun ano tan peculiar como este.

En canto ao tema dos traballadores, RPT, convenio colectivo, mesas de negociación, por suposto é un compromiso do equipo de goberno e estamos a traballar niso, non é verdade que levemos quince meses sen unha mesa de negociación, antes da pandemia en xaneiro houbo unha mesa de negociación, polo demais non vou facer ningún tipo comentario en relación ao conflito cos traballadores.

Sra. Pereira González: Parece que o mantra da oposición é que todo está mal, faga o que se faga, se non se fai faise mal si se fai faise tarde, na última lexislatura preguntou polos orzamentos practicamente todos os plenos, levamos un ano e dous meses de lexislatura deste goberno e xa se trouxeron dous orzamentos, si, xa lle dixen na miña anterior exposición e tamén o dixo a Alcadesa que non foi coa antelación que quixeramos pero está dentro do ano, un ano e dous meses e dous orzamentos ao final vai ser sempre estar mal.

Fala vostede de que a previsión de ingresos é correcta e sen embargo o 70 % do orzamento xa está consumido, sabe o que significa? que os ingresos deste Concello son escasos para o nivel de gasto que ten. En canto a rebaixa que vostede fai mención, non sei en base a que fai eses cálculos si a partida de investimentos é exactamente igual a de educación é exactamente igual, en base a que fai os cálculos? En base ao plan económico, supoño, non aos orzamentos. En canto ao cadro de persoal si é posible que haxa un erro na suma, pero no orzamento si que está recollida exactamente a contía, si que hai un erro no anexo pero está ben recollido no desglose dos gastos.



En canto ao tema sindical, digo eu que representantes sindicais seguiran sendo aínda que estean de vacacións.

Núñez Troncoso: Sigo coa exposición nosa, salarios custe do goberno 36% máis con respecto ao 2018, 259.000€ nos custa este goberno, 27 € veciño e ano, mire os concellos que hai arredor, nós o que propomos entre outras cousas ideas sensatas, coherentes e razoables, imos a propoñer redución de gastos en publicidade, propaganda e gastos protocolarios en 43.000 € e aínda quedarían 53, suficiente. Imos a plantexar que o goberno reduza o seu coste en 90.000€ incluída a seguridade social, o que pasaría de 27,54, a 18 € veciño é ano, o que é incluso maior cos concellos da contorna. Pediremos a redución en 40.000 € en festexos, o Cristo e a festa dos callos que non se van a celebrar. En gastos xurídicos 20.000€, que spm gastos basicamente en conflitos co persoal deste Concello, penoso. En total 193.000€, e en onde imos a destinar estes importes? Pois a partidas deficitarias como acabamos de dicir e sobre todo, tendo en conta a situación actual que vostedes non tiveron nada en conta, como por exemplo en limpeza, educación, destinarémolo a servizos sociais ao servizo de axuda ao fogar, limpeza da área de educación que é moi necesaria. Se vostedes teñen o avance da liquidación como temos todos pódeo ver perfectamente, axuda as PEMES pequenas empresas e autónomos que son en definitiva os que xeran oportunidade de postos de traballo. Estes serían os motivos da nosa oposición a estes orzamentos, sobre todo aos orzamentos de gastos.

Vostede sabe perfectamente como sabemos todos que a entrada en vigor deste orzamento é o un de xaneiro de 2020, creo que sabe a fecha que estamos, estes orzamentos había que empezar a elaboralos como moito en outubro de 2019 e xa llo dixemos daquela. Cando quería aprobar os orzamentos, no 2021? Porque mentres a exposición pública e entre unha cousa e outra ata outubro non van estar en vigor, para dous meses elaboran vostedes os orzamentos?

En educación e máis que evidente que esta partida é máis que deficitaria, 5700€ xa llo dixen antes na área de educación, ten vostede o avance da liquidación, pero é que a maiores no plan económico financeiro ten 10.000€ estamos de acordo non? Se parten votedes dunha posición inicial de 52.000€ recortan 10.000€ quedan nesa partida en 42 e resulta que a 30 de xuño xa estamos en vermello, e a vostede esa non lle parece unha área importante que hai que cubrir. Mire, so con que quiten en publicidade 33.000€ xa lle faría moitísimo e xa non lle digo nada do resto do custe salarial xa non lle digo nada, de vostedes, non do persoal.

En canto ao anexo de persoal hai máis que dous traballadores que non se lles están aplicando o incremento do salario, son máis de dúas. O tema sindical para vostede non é importante, en quince meses unha reunión me imaxino que foi a que tiveron que facer para cumprir a normativa, para facer os orzamentos do 2019 me imaxino, para resolver o tema da RPT e o conflito no.



Sra. Tourón Domínguez: Está claro que a estratexia do Partido Popular é a mesma que a que está seguindo no Estado Español, é a mesma, desprestixiar o traballo do Goberno, teñen como de referente a Casado no Estado Español e teñan a mesma forma de traballar, desprestixiar a acción do Goberno sistematicamente. Xa sei que a vostede non lle gusta que este equipo de goberno formado por Movemento Salceda e Partido Socialista traballen, pero o facemos, aínda que non lle guste, porque vostede fala que no último ano non houbo mesa de negociación, houbo mesa de negociación polos orzamentos anteriores que foron en novembro, houbo mesa de negociación en xaneiro ou febreiro, houbo dúas, é verdade que puido haber máis, de feito puido haber unha terceira e non se asistiu. Non me deixa de parecer importante a acción sindical nin moito menos, eu o que dixen é que non me vou a pronunciar sobre o conflito do persoal lle guste a vostede ou non.

Traballamos, por exemplo nestes últimos anos levamos orzamentos todos os anos, aprobouse a conta xeral, aprobouse un regulamento de organización municipal, aprobouse un regulamento de honras e distincións e levamos aquí un regulamento de participación veciñal, temos sobre a mesa para hoxe a ordenanza de terrazas, temos un programa de integración de emprego da Xunta de Galicia que se está xestionando neste último ano, etc... non estamos inactivos. Por suposto que cometemos erros, os asumimos, como os cometería calquera grupo que estea no goberno, pero desde logo estamos traballando e creo que xa está ben de seguir sistematicamente intentando tachar os erros e intentando dicir que non traballamos, intentando dicir que todo se fai mal porque non é verdade.

En canto a diferenza da subvención nominativa do IES e do CEP Altamira, no IES o importe é maior porque alí non se fan investimentos e no CEP temos un importe por custos de mantemento, limpeza e demais moi superior, por iso se mantiveron esas cantidades. En canto ás reunións coas asociacións para establecer estas cantidades pódelle asegurar que o Concelleiro de deportes igual que o de cultura e das outras áreas témonos reunido coas asociacións un montón de veces non unha. É verdade que é un ano moi complexo, incluso non nos podíamos reunir, vostede fala de reunións cando tivemos moitas dificultades que todos sabemos pero esas reunións non deixaron de facerse, teño constancia que o Concelleiro de Deportes aínda estivo nunha reunión onte, tanto a Alcadesa coma min, o Concelleiro de Cultura e a compañeira Gela estivemos noutra reunión veciñal onte a tarde e esa é a nosa forma de traballar, lle guste ou non este equipo de goberno vai seguir traballando imos seguir traendo orzamentos. Volvo a repetir gracias a Lucia e a todo o departamento.

Sra. Pereira González: Vostede falou de redución das partidas, despois me dixo que era deficitaria, iso é outra cousa, lle gusta dicir cousas que non son de todo certas, a partida non se reduciu respecto ao orzamento do ano anterior, se quere dicir que é deficitaria ou que esta reducida do plan económico si, pero respecto ao orzamento do ano anterior non se reduciu nin a de benestar, nin a de educación, nin a de



deportes, nin a de cultura, iso en canto a redución. Non diga que non me parece serio o da mesa sindical, me parece moi serio e ademais de moi serio me parece moi grave e a última que se convocou non foi unha obrigatoria polos orzamentos foi unha potestativa por este Goberno para concederlle aos traballadores media hora de redución da súa xornada cada día e concederlle o complemento das IT do 100% ao persoal laboral que non o tiñan.

Sr. Núñez Troncoso: A área de educación Sra. Concelleira en 2019 eran 183.000€ e en 2020 182.000€ e iso ten que minorarlle o que lle quitou o plan económico financeiro, 25.700€ e a iso ten que minorarlle as facturas que ten sen pagar do ano 2019, 107.000€ , faga vostede a conta a ver canto nos queda para este ano. En limpeza 52.000€ igual 2019 que 2020, limpeza na área de educación 22.700€, 52.000 reduciron 10.000€ no plan económico financeiro, 42.000€, si vostede mira o avance da liquidación hai números vermellos ou no? 5.700€ si iso que hai no avance non está aplicado ao plan económico financeiro pois temos números vermellos en 15.000€, e non o dicimos nós o ten vostede na liquidación, polo tanto non diga que non reduciron. Axuda ao fogar 400.000€ igual 2019 que 2020, dos cales houbo que pagar facturas do 2019 que as tiñan sen pagar por 270 ou sexa en numero redondos 130, nos queda dispoñible 130 para o servizo de 2020 e iso nos da para tres meses ou catro sendo xa xenerosos, a ver como se lle paga a partir de maio en adiante vostede me dirá, se iso non é reducir que mo explique. Verónica falou de todo menos de orzamentos, eu como veciño non xa como representante do Partido Popular, nos interesa saber o que vostedes gastan nos servizos que se lles prestan aos nosos veciños, a que ven Casado, estratexia, non sei a que ven iso.

Sra. Tourón Domínguez: Eu si falei de orzamentos e tamén falei de que hai unha Concelleira de área que os está defendendo perfectamente e que como vostedes o Partido Popular sempre me di que nos sumamos a súa intervención no mesmo tema, pois fixen alusión ao que vostede había feito, que é que estamos a facer todo o traballo mal, contesteille, utilicei os meus minutos para darlle resposta as súas declaracións e a súa exposición que fixo, a unha parte delas, a outras déixollas a Lucía que é a Concelleira responsable. Os orzamentos están totalmente completos teñen memoria, ingresos, gastos e demais, ten informes favorables, cumpren tanto o obxectivo de estabilidade orzamentaria como sostenibilidade financeira e regra de gastos e os informes totalmente favorables de intervención, que é un tema moi importante porque é o servizo técnico que ten que fiscalizar os orzamentos do Concello.

Sra. Alcaldesa: So para puntualizar, o punto foi perfectamente defendido pola Concelleira de Facenda e por Verónica. Si, son rigorosa e sobre todo non me gusta que falten a verdade, dicía vostede en todo o popurrí de cousas que sacou porque a verdade e que vanse a falar en toda a sesión plenaria dalgún dos puntos que falou, igual ten medo a que a veciñanza non o siga pero eu estou segura de que a veciñanza lle interesa do que aquí se fala, entón supoño que intentaría dalgún xeito expor todo



o que aquí se vai falar por si a veciñanza nos abandona, pero non se preocupe que haberá tempo para falar de cousas tan importantes como de educación, e sanidade que lle recordo que son competencia da Xunta, é un tema que ten que quedar moi clariño. E como dicía que son rigorosa, demostren vostede que pediron por rexistro un documento e que esta Alcaldesa non autorizou a súa visión pola súa parte, todas as peticións que realizaron foron asinadas por esta Alcaldesa en tempo e forma a documentación, repito, díxenlles xa en dúas sesións plenarias e ademais fun eu que lles dixen que meteran por rexistro toda aquela documentación que non lles chegara porque houbo un traslado dunha Alcaldía a outra Alcaldía e probablemente esas peticións foran anteriores, eu asino todo, non me gusta que se falte a verdade, demóstronmo.

En canto ao tema IES e CPE Altamira, os investimentos fanse no Altamira e os IES evidentemente ten unha subvención máis elevada, ademais temos adscrita a unha persoa, un conserxe no Altamira.

Para súa información xa lle adianto que proximamente traeremos a RPT a pleno. Por certo a última mesa de negociación celebrouse o 30 de xaneiro de 2020, exactamente, logo todos sabemos o que aconteceu, a COVID, dous meses de confinamento, algún e algunhas seguimos traballando, outros non, as prioridades cambiaron e evidentemente non se puido celebrar outra mesa de negociación. Tamén lle recordo para que vexa que a nós si nos importa os temas sindicais, foi una mesa de negociación moi importante na que se mostrou a intención negociadora deste goberno aprobando as IT, incapacidade temporal, a redución de 37,5 horas a 35 no computo da xornada e actualizáronse os salarios a 0,25 dende outubro. Dicar tamén que pasaron 12 meses non 15, recordo con moita alegría o día que fun investida Alcaldesa e foi exactamente o 15 de xullo de 2019. Unha última cousa, xa o comentou Verónica, 53 reunións con colectivos culturais, deportivos, asociacións veciñais, e fíxense vostedes nun ano do máis complexo, mantemos reunións permanentes con eles e repito, nun ano no que estivemos confinados e no que as reunións foron moi complexas. Recordarlle o máis importante, educación e sanidade non son competencia dos Concellos.

Procedo á lectura da proposta de acordo:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2020, así como, as súas Bases de Execución e o plantel de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.

Visto o Informe de Secretaría núm. 2020-0025 de data 10 de agosto sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal núm. 2020-0133 de data 10 de agosto.

Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2020, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.477.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	2.821.500,00
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		5.000.340,00
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		5.000.340,00

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.668.265,45
2	Gastos de bens correntes e servicios	2.696.571,44
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	158.483,97
OP. CORRENT		4.532.920,86
6	Investimentos reais	313.835,38
7	Transferencias de capital	0,00

8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		467.419,14
TOTAL PTO.		5.000.340,00

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2020, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	1.477.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Taxas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	2.821.500,00
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		5.000.340,00
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00

TOTAL PTO.	5.000.340,00
------------	--------------

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.668.265,45
2	Gastos de bens correntes e servizos	2.696.571,44
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	158.483,97
OP. CORRENT		4.532.920,86
6	Investimentos reais	313.835,38
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		467.419,14
TOTAL PTO.		5.000.340,00

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e plantel de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

Expediente 772/2020. Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: Traemos hoxe aquí a ordenanza reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público, consideramos que é necesario, tanto eu como Concelleira de área como o resto do equipo de goberno, aprobar esta ordenanza para que todos os establecementos de hostalería de Salceda poidan desempeñar a súa actividade de xeito que haxa conciliación entre o desenvolvemento desa actividade e os dereitos da cidadanía e os intereses públicos. É verdade que é unha ordenanza bastante



amplia, estamos hoxe aquí no punto de aprobación inicial, despois deste paso estarase 30 días hábiles para reclamacións e suxestións. Esta ordenanza nace despois de contactos coas dúas asociacións de comerciantes de Salceda que tamén teñen a hostaleiros como socios, ademais co contacto habitual con toda a hostalería, como locais de restauración, como cafeterías, como locais de ocio nocturno, contacto a demais que se tivo intensificado por mor da pandemia e a información directa dende esta concelleira a todos os locais. Neses 30 días de exposición pública se lles pasará a toda hostalería para que poidan alegar, igual que se fará publica para toda a veciñanza.

Esta ordenanza consta de catro títulos con 48 artigos máis unha disposición adicional, unha transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final. Na comisión informativa xa dixemos que no capítulo 2 título 1 ao transcribirla nos faltou meter a festa dos callos, acordamos na Comisión informativa metela e tamén hai un erro que son catro títulos e aquí na transcripción pasou do 3 ao 5, é un erro de transcripción en vez do título 3 que pon réxime xurídico pon título 4 e acabamos no 5, nos saltamos un ao facer a recopilación de toda a ordenanza. Nesta ordenanza hai un preámbulo no que poñemos en consideración as necesidades de traela ao pleno, e da necesidade que ten a veciñanza de Salceda como os locais de hostalería de ter unha ordenanza, falamos da compatibilidade de uso público e de formación de espazos públicos mediante a instalación destas terrazas, falamos dos beneficiarios, de como se outorgan as licencias para estas terrazas, das condicións de instalacións que deben ter para que sexan homoxéneas e haxa límites e haxa licencias. É unha ordenanza para seguir o cumprimento das normas. Fálase tamén de que tipo de terrazas non se autorizaran, fálase tanto da superficie como da preferencia, que sempre vai a ser o interese xeral e están moi reguladas tanto as ocupacións de zonas peonís coma os espazos, como non pode ser doutro xeito. Falamos dos tipos de terrazas que pode haber e do mobiliario que se instalan nelas e o número de mesas, dos horarios de apertura e de peche, de cando pode ser ampliados eses horarios e como se tramita todo o réxime da documentación administrativa e todo o réxime xurídico e cales son os requisitos, cal é a autorización da documentación adxunta que é bastante ampla.

O que queremos basicamente a través desta ordenanza é regular toda a instalación de terrazas que sexa a través de licencias, a través da regulación de número de mesas, de espazos, de publicidade, horarios e demais, basicamente para convivir, resolver algúns conflitos que temos entre a veciñanza e locais de ocio. Dicir simplemente que o informe de secretaría indica que a ordenanza se adecúa a normativa, e comentar que a pesar de que se levaba dende o ano pasado nesta ordenanza non a trouxemos a pleno por unha Orde que está a exposición da Xunta de Galicia que pretende modificar o que son as licencias de espectáculos públicos, locais e demais, visto que leva dende outubro do ano pasado en exposición e non se fai a aprobación, traémola aquí a pleno e a adaptáremola no momento en que se aprobe a lei da Xunta de Galicia, se chega a facerse.

Sra. Pérez Cabaleiro: Boas noites a todos especialmente aos veciños que agora



empezan a seguirmos a través das canles de internet. A presente ordenanza que traen hoxe é a ordenanza municipal reguladora de instalación de terrazas en espazos de uso público, consideramos que é correcto que se intente regular e que se garanta a correcta convivencia dos intereses públicos e que se intente adaptar especialmente á realidade e aos novos tempos que vivimos. Nesta ordenanza o noso grupo presenta unha disyuntiva unha favor e outra en contra, especialmente a incógnita principal que temos desde o grupo popular é se previamente se reuniron e sentaron seriamente cos hostaleiros do noso Concello e sobre todo se consensuaron moitas das medidas que hoxe pretenden aprobar neste pleno, como o horario de peche das terrazas que lle afecta aos hostaleiros directamente. Por suposto o noso grupo como dixen, está a favor de que se regulen o funcionamento dos distintos organismos, establecementos, de xeito que se concilien os dereitos que asisten á cidadanía como o interese público, como ben dixo a compañeira Verónica, pero obviamente e reitero, sempre consensuado coa cidadanía, neste caso cos hostaleiros aos que se lles intenta implantar unha nova terraza e unha nova ordenanza e regulación neste caso de terrazas en espazo de uso público.

Esta ordenanza, como dixo a compañeira, divida en catro títulos que se distinguen en disposicións xerais, condicións de instalacións, réxime xurídico e réxime de inspección e procedemento sancionador, presentamos opinións favorables pero tamén diversas discrepancias entre os títulos, en primeiro lugar porque pode afectar considerablemente, como dixen, aos hostaleiros do noso Concello e en segundo lugar pola viabilidade das terrazas xa instaladas a cumprir cada un dos puntos de dita ordenanza que pretende rexer no Concello de Salceda. Concordamos e damos por feito que os hostaleiros tal como establece o artigo 2 deben contar con correspondentes licenzas para exercer a súa actividade, igual que como reflexa o artigo 4 desta ordenanza que a instalacións non supoña un obstáculo para o tránsito peonil, accesibilidade urbana ni poderá prexudicar tampouco á seguridade nin ao tráfico rodado. Sen embargo, cando imos avanzado na lectura desta ordenanza encontrámonos co artigo 8 e encontramos o horario de peche das terrazas de bares e restaurantes que se pretende instaurar no Concello de Salceda que é o seguinte: de luns a xoves peche as 23 horas, de venres a domingo e vésperas e festivos ata 12 horas e aumenta unha hora no período de 1 de xuño ao 30 de setembro, sendo o horario de peche de luns a venres ata 12 horas e de venres a domingo e vésperas de festivo ata 1 horas, contemplando evidentemente, como dixeches, as festas que podería ampliarse este horario. Aquí aparécenos a gran incógnita, se desde o equipo de goberno, como dixen, se Movemento Salceda e o Partido Socialista sentástesvos a consensuar, reitero consensuar, este horario de peche para terrazas e bares de Salceda ou decidistes vos pola vosa conta que esta franxa horaria é a necesaria para un Concello como o noso onde a hostalería e restauración é unha baza fundamental do emprego salcedense.

É importante remarcar que esta ordenanza non está regulada simplemente para aplicarse neste momento coa vista posta na COVID19 senón que é unha ordenanza que se aproba para instaurarse tempo indefinido en Salceda, por iso esta é a primeira cuestión que queremos que nos expliquen, o horario de peche se foi consensuado ou



non cos hostaleiros xa que isto lles poderá afectar directamente.

Seguimos avanzando no regulamento e atopámonos cos artigos 13 e 14 que corresponden a instalación, ocupación da terrazas e referídesvos a que cando unha terraza ocupa a beirarrúa establecedes que debe garantir un itinerario peonil libre mínimo de 1,8 metros e aquí está a outra incógnita, se vos destes unha volta polas diferentes terrazas de Salceda e vistes si a maior parte das terrazas cumpren, nós hoxe cando viñemos por aquí e comprobamos que algunhas desas terrazas non cumpren este espazo mínimo de 1,8 metros, polo tanto cumprir este regulamento que pretendedes instaurar podería levar o peche de terrazas de diferentes locais de hostalería en Salceda. Por suposto concordamos no artigo 31 e nas medidas correctoras e regulación por molestias de ruído, é fundamental facilitar a convivencia dos salcedenses e no caso de que se presenten reiteradas queixas e molestias é preciso corrixir certos hábitos, eu son plenamente consciente disto xa que vivín a maior parte da miña vida na praza do Concello, sei cales son as necesidades dos veciños no tema de rúidos en terrazas. Chegados ao artigo 33 en canto a taxas, no que me deterei na segunda quenda.

Sr. Rodríguez Canosa: Boas noites a todos, compañeiros de equipo, tamén da corporación e veciñanza en xeral de Salceda que nos está seguindo dende as redes. Traemos neste punto a proposta de aprobación inicial da ordenanza reguladora das terrazas, é unha ordenanza extensa, sei que levoulle bastante traballo, liderado pola compañeira Verónica, para facelo, e é unha ordenanza que o que ven é a regular o que se estaba facendo ata agora, as terrazas estaban reguladas mediante a ordenanza fiscal e mediante bandos, creo que se adapta bastante ben a realidade do pobo a realidade de Salceda, incluímos aspectos que xa se viñan facendo como é ampliación de mesas e agora queremos deixar claro e darlle legalidade a esa ampliación de mesas permitindo que os hostaleiros poidan facelo de maneira legal. Defender a proposta que é unha proposta inicial, estará exposta ao público, haberá 30 días para presentar alegacións, que se recollerán e se estudiarán todas sen ningún tipo de problemas, conta con dous informes favorables e é unha aprobación inicial.

Sra. Tourón Domínguez: Voume centrar nas cuestión que me plantexa Ana Cristina, que son sobre todo consenso e horario. Como che dicía antes hai unha Orde, unha Lei da Xunta en exposición que non se da aprobado na que xa vai facer que todos os locais teñan dous anos para adaptarse a nova normativa de licencias e unificar todo só en catro tipo de licencias distintas. Agora mesmo en Salceda temos unha variedade de licencias de locais que se dedican ao mesmo con licencias totalmente distintas, que por suposto de algunha maneira iso hai que ordenar, xa o vai a facer tamén a Lei da Xunta e nós o que queremos e apoiar coa ordenanza destas terrazas. Eu non considero restritiva para os hostaleiros esta ordenanza, considero que si regula pero non é restritiva. Non me reunín cos 53 locais de hostalería que hai en Salceda, non me reunín pero iso non significa que non teña falado con eles, pódovos asegurar que durante toda esta pandemia incluso antes, a parte de recibir escritos desta Concelleira con toda a información posible sobre a pandemia, falei telefonicamente cos 53 responsables dos



53 locais que hai en Salceda e non é unha nova ordenanza que poida afectarlle aos hostaleiros, non tiñamos ordenanza e isto o que fai é regular o que xa temos de feito. Salceda xa ten este horario de peche de actividade que son de luns a xoves as 11 horas en inverno, as 12 de venres a domingo e despois no verán ata as 12 e 1 respectivamente. Este horario xa o están a cumprir a través de bando e a través da comunicación deste equipo de goberno. Esta Concelleira falou con eles, se falou con todos, por suposto está este período de 30 días nos que nos imos a reunir e nos que imos a aceptar alegacións, por suposto eu como Concelleira de participación veciñal as vou a atender, é unha das premisas deste goberno, a participación veciñal, é dicir que se está xa levando a cabo. Realmente esta non é unha nova Ordenanza no Concello de Salceda, en Salceda non hai Ordenanza de terrazas esta é a primeira Ordenanza de terrazas que se vai a aprobar .

Sra. Pérez Cabaleiro: Como dixen anteriormente voume deter no artigo 33 que é o de taxas, creo que todos somos conscientes de que na situación actual os locais de ocio nocturno de Salceda e en xeral do resto de España están pechados, non sabemos cando poderán reabrir pero o que si sabemos é que os hostaleiros que traballan neste sector veranse moi afectados nos próximos meses, por iso dende o noso Grupo consideramos urxente, prioritario e fundamental que se traballe en modificacións fiscais, por exemplo, para eximir do pago de taxas municipais asociadas coa actividade económica durante o período no que se teña a obriga de permanecer pechados e sen actividade, como a exención ou suspensión da taxa de terrazas para estes locais ou mesmo da taxa de lixo, isto si que nos parece prioritario neste momento máis que regular unha nova ordenanza, neste caso a primeira de terrazas e como dixo o compañeiro Alex que agora van facer de forma legal, antes as mesas que se poñían facíanse forma ilegal? E vos erades conscientes ou como é? Remítome as palabras que dixo o compañeiro de Movemento Salceda.

Sobre a hora que se establece a través de bando creo que todos somos conscientes que un xoves as 11 horas non pechan as terrazas, non hai máis que escoitar desde aquí o ruído que provén de fora. Como dixeches Verónica que telefonicamente falaches cos encargados dos 53 establecementos de hostalería non sei que che dixeron os encargados destes establecementos tanto do horario como aqueles establecementos cuxas terrazas ocupan beirarrúas e que teñan que garantir un itinerario peonil mínimo de 1,8 metros, no que estamos seguros que algunhas terrazas non van cumprir, que opinan sobre que se regule e que se aprobe esta medida. Como dixen anteriormente estamos totalmente a favor de que se regulen diferentes comportamentos que consideramos necesario a convivencia de todos os veciños, sen embargo como dixen presentamos opinións en contra como o horario e instalación e ocupación de terrazas na vía pública, por iso o noso voto vai ser a abstención, porque como dixen estamos a favor de que se regule e se manteña a convivencia dos veciños pero non entendemos e advertimos incógnitas nestes dous puntos. Podedes estar seguros de que presentaremos alegacións ao respecto e supoñemos que os veciños e os encargados dos establecementos de hostalería tamén van facelo, porque nós xa nos reunimos con



algún deles e xa tratamos o tema e seguiremos facéndoos.

Sr. Rodríguez Canosa: Como xa dixo antes Verónica levamos dous puntos da orde do día e nos dous puntos xa estades manipulando as palabras que dixemos. Eu levo un ano como Concelleiro e sei que en fronte miña hai xente que leva máis, pensei que se debatía de forma seria e estou alucinando do xeito que solo facedes interromper, falades na quenda de palabra cando nós nunca interrompemos as vosas quendas, na anterior quenda de palabra cando estaba falando a compañeira Lucía, cando estaba falando a compañeira Verónica solo facedes interromper e agora máis do mesmo. Gustaríame un debate san onde cada un respecte as quendas de palabra e incluso si queredes ocupar un minuto da miña quenda de palabra dóvos un minuto, pero por favor non interrompades porque parecece unha auténtica falta de respecto.

Continúo, non dixen que fora ilegal Ana Cristina dixen que se recollía de forma legal que puideran ampliar mesas. Todos sabemos, e min tocoume o ano pasado nas Festas do Cristo, o que se facía, era a policía local quen revisaba as mesas que tiñan colocados os hostaleiros e se tiñan mesas de máis retirábanse, en ningún momento houbo mesas de máis que o equipo de goberno e policía souberan. Durante o confinamento non se lle cobrou a ningún local a taxa de terrazas. Aclarar que as ordenanza fanse con un interese xeral de toda a veciñanza non se fan para o interese particular, dixeches que se escoita fora e aínda non son as dez e no verán teñen permiso ata as 12, gustaríame saber que queredes vós, que sexa máis tarde, máis cedo? Non me quedou clara a vosa postura.

Sra. Tourón Domínguez: Primeiro hoxe é verán, un xoves en verán teñen ata as doce para as terrazas co cal é normal que escoitemos ruído fora a estas horas, por outro lado tampouco me quedou claro si o importante é a taxa ou o importante é regularlo. Por un lado a defensa da compañeira Cristina foi que era importante regular esa convivencia veciñal e a actividade de hostalería e por outro lado que é máis importante a taxa que esa regulación. O tema do paso peonil non é invención desta Concelleira nin deste equipo nunha ordenanza, é que 1,8 o marca a Lei de accesibilidade, non o estamos inventando nós ese 1,8, estamos regulando e cumprindo a Lei.

En canto á exención, tamén che teño que rectificar aí Ana Cristina, a exención se comunicou e se estableceu por Decreto de medidas económicas e xa están exentos todo este ano 2020. Eu sei que a oposición chega aquí e pedir a baixa de impostos e baixa de taxas e mellores horarios ao mesmo tempo a conciliación coa veciñanza é fantástico, electoralmente é fantástico, pero despois hai que todas esas cousas adecuadas e axeitalas á lei, co cal xa está esa exención taxa ata decembro de momento e despois xa se mirará como vai este ano e o tema da pandemia . Isto xa está comunicado aos 53 locais de hostalería, cumprimos a norma. Xa sei que hai locais os que lle custará adecuarse a normativa, igual que lles custará adecuarse á normativa da Xunta de Galicia. No seu tempo o Partido Popular deu licencias dunha maneira un pouco arbitrarias e agora hai que regularlas, é así, que non ten nada que ver cos locais de hostalería que temos hoxe en día, porque iso se foron trasladando, transferindo a



outros locais, temos en Salceda licencia de locais que non hai en ningún sitio máis que ao mellor en Castela – León, co cal temos que regular.

Sra. Cabaleiro Pérez: Que me digas que se concederon licencias, levades gobernando dende o 2007 e digades que se concederon licencias de forma arbitraria e entón vós non as corrixistes? Ten tela, tela. En canto ás taxas, falo da taxa do lixo tamén, non vos referistes a ela. En canto ao espazo evidentemente non considere que volo inventarades, en ningún momento dixen que inventarades ningún tipo de distancia, simplemente a dificultade de moitos hostaleiros e moitos establecementos para establecer dita ordenanza nos seus locais. En canto a nosa abstención, como dixen estamos a favor de que se regulen certas cousas como as medidas correctoras, como a regulación por molestias de ruído, neso estamos a favor sen embargo discrepamos en canto horario, instalación e ocupación de terrazas en espazos de uso público. En canto ás alusións polo que dixo o compañeiro Alex, cando dis que falta á verdade un compañeiro estalo chamando mentireiro, como te referiches aos meus dous meus compañeiros antes ou mentireira meu caso porque fun a que fixen a anterior intervención, falta de verdade significa mentira, Alejandro, chamáchesme mentireira, cando se redacten as actas e aproben ti votes a favor ou en contra espero que corrixas isto, porque dixeches que é que agora vanse facer de forma legal, si é que agora se van facer de forma legal significa que antes se facían de forma ilegal. Nada máis que engadir, simplemente que cando recorres como sempre recorres á palabra faltar a verdade significa que se lle estás chamando mentireiro a alguén, cando chamas mentireiro espero que o xustifiques con algunha proba eu simplemente o fago coas palabras que ti dixeches anteriormente.

Sr. Rodríguez Canosa: Non quero entrar no xogo, é o xogo que queredes vós, dar espectáculo. Simplemente recalcar a Ana Cristina que eu dixen que agora o podían facer de forma legal, recordeille que antes había hostaleiros que poñían máis mesas, que ía a policía e as levantaba e non dixen nada, nin te chamei mentireira, nin especifique nada.

Sra. Alcaldesa: Pecho antes de ler a proposta recalcando dúas cuestións, no Decreto de medidas económicas que presentamos no pleno ordinario hai dúas sesións faláronse desas exencións da taxa de terraza, pensei que o tiñades máis presente, exencións ata 31 de decembro, e nese mesmo pleno, podedes velo en actas que está recollido, a taxa de lixo foi informada pola Deputación de Pontevedra que é unha taxa que non se pode eliminar nin existir ningún tipo de exención nin bonificación sobre ela e nós a través dese informe agarrámonos a el e evidentemente non tomamos esas medidas. Si que fixemos campañas diversas e a exención á taxa das terrazas é ata o 31 de decembro, e contemplamos que sexa incluso máis si fose preciso. En canto a que non van cumprir o 1,80 da lei de accesibilidade o que lle podo asegurar é que hai ese 1,8, pouco confía vostede na hostalería de Salceda en canto ao cumprimento. Eu inicialmente si que o vou facer, vou confiar na hostalería de Salceda. Non se legaliza unha situación, regularizase nada máis, hai unha clara diferenza. Tampouco vaga a pena en entrar en debates tan profundos de ilegalidades cando estamos falando dunha taxa de terrazas ou



dunha ordenanza de terrazas. Nada máis, pásovos a ler a proposta, seguinte:

“Considerándose necesario para este Municipio a aprobación dunha ordenanza reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público para que os establecementos hostaleiros e de restauración poidan desempeñar a súa actividade de xeito que esta se concilie cos dereitos que asisten a cidadanía e co interese público, unha regulación acorde para o desenvolvemento da actividade hostaleira e de restauración beneficiosa para os seus negocios e para o ocio e desfrute dos cidadáns.

Visto o proxecto de ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público elaborado ao respecto.

Visto que, por Providencia de Alcaldía de data 18 de agosto de 2020, solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para a aprobación da sinalada ordenanza.

Visto o Informe de Secretaría núm. 2020-0029 e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter a ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da ordenanza no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter a ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da ordenanza no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente.

Expediente 315/2020. Aprobación definitiva do Regulamento de Participación Veciñal.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Tourón Domínguez: O 27 de febreiro aprobouse inicialmente este Regulamento de participación veciñal, pasado o período de exposición pública, traémolo agora a aprobación definitiva, para que sexa publicado o texto definitivo e entre en vigor o primeiro regulamento de participación veciñal de Salceda. Neste período de alegacións e de suxestións que se mirou interrompido polo confinamento e polos prazos administrativos nese período, pero que se reiniciou e se cumpriu co prazo establecido, só houbo alegacións por parte dunha persoa, Xosé Manuel Suárez Estévez, o cal quero agradecer as inxerencias, o interese mostrando nestas alegacións. Traémolas hoxe aquí para darlle a resposta e vexo que o Partido Popular se rí do que digo, porque o Partido Popular tampouco presentou alegacións, co cal eu como concelleira de participación veciñal si que agradezo que a xente participe e presente alegacións e suxerencias. Nos corresponde neste pleno darlle resposta a estas alegacións para a publicación do texto íntegro.

En canto as aclaracións presentadas tal como pon a proposta da Alcaldía a primeira era a solicitude de nulidade de pleno dereito do Regulamento de Participación Veciñal por regular unha materia propia do Regulamento Orgánico Municipal, tal como di o informe de Secretaría en resposta a estas alegacións no expediente que nos ocupa non se xustifica a concorrencia de ningún dos supostos determinantes de nulidade de pleno dereito dunha disposición administrativa como é o Regulamento de Participación

veciñal polo que procedería desestimar a alegación formulada. En canto ao feito de regular unha materia propia do Regulamento Orgánico Municipal, no informe de Secretaría di que non existe precepto legal algún que determine o contido concreto que se debe regular a través do ROM polo que a alegación de que a participación veciñal ante o pleno debería estar regulada necesariamente no ROM carece de fundamento xurídico. En canto á seguinte alegación, solicítase retrotraer o procedemento abrindo unha fase de consulta previa ás entidades sociais rexistrada no Rexistro de Entidades Asociativas, en canto a este punto o informe de secretaria fai referencia a que o Rexistro de Entidades Asociativas que se aprobou o 28.12.2007, publicado no BOPPO núm. 67 de 08.04.2008, temos que advertir, así o fai a Secretaria, que non se pode atender a esta alegación porque esa publicación no seu día no boletín oficial tanto a publicación inicial como a publicación definitiva do Rexistro de Asociacións de Entidades Asociativas non foi correcto e non se publicou o texto integro, co cal ese Rexistro de Asociacións de Entidades Asociativas non está en vigor e tamén procede desestimar esa alegación. En canto á última, solicítase a modificación da redacción dos artigos 10 e 27 do Regulamento de participación veciñal, neste caso atendemos esa alegación aínda que non afecta porque é no preámbulo, efectivamente hai un erro onde di: *“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V e artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 4.1. e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local)”*, debe dicir, e se vai estimar esa parte, *“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e artigos, 4.1. e 24 e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local)”* e artigo 130 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobados por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, é dici, si se estima esa modificación deses tres artigos do 69 ao 72 porque efectivamente non está ben, é referente a municipios de máis de 20.000 habitantes e non é o caso de Salceda. Non vou a entrar no regulamento de participación veciñal porque entendemos que xa pasou a súa aprobación no pleno correspondente e agora toca dar resposta ás alegacións.

Sr. Rodríguez Davila: Boas noites a todos os membros desta Corporación Municipal e boas noites a todos os veciños e demais persoas que nos están vendo a través das canles. Quixera facer un matiz como portavoz do grupo respecto do que se viu neste pleno ata este momento, por sorte o están vendo, está gravado o que cada un di, fai e xesticuliza, polo tanto cada un queda retratado. Non vou a entrar a dicir o que opina cada un, o fai ou que deixa de dicir, o que si é certo e que lle recomendo á propia voceira do Partido Socialista que vexa o vídeo deste pleno, porque na súa intervención cando fala da ordenanza de restrixir algún compañeiro do goberno lle ven levando a contraria facendo xestos, dicindo que non está dicindo a verdade e que a ordenanza restrinxe o tema da hostalería, polo tanto convídoa a que o vexa.

Sra. Alcaldesa lle pido que faga uso da súa competencia de facer cumprir o



Regulamento, o que debería facer vostede en primeiro lugar é saber o regulamento deste pleno, xa vemos nun momento que non sabía que había a posibilidade de intervir dous minutos despois da quenda de debate do orzamento e tamén que hai posibilidade de pedir a palabra por alusións. No punto seguinte vostede concedeu por alusións e no punto anterior o compañeiro Joaquín non lle permitiu por alusións, eu sei que o debate dos orzamentos vostedes non teñen maneira de defendelo, porque xa se viu unha vez máis que non teñen a máis mínima idea de xestión económica. porque os números así lle dan negativos en todas e cada una das partidas. Como ben dixo Joaquín é nefasta a situación económica do noso Concello, a día de hoxe moitas das facturas están sen pagar e o que é o máis triste, dentro duns meses para o ano que ven, estaremos con recoñecementos extraxudiciais porque non se poden pagar en tempo e forma, porque estamos en agosto do ano 2020 e moitas desas partidas están xa en número vermellos porque vostedes, unha vez máis, non son quen de trasladar partidas orzamentarias onde si son necesarias e en cambio noutras que non son tan necesarias as seguen mantendo para uso de autobombo deste goberno.

Voume remitir á intervención que fixen no pleno do 27 de febreiro que está explicitamente claro o posicionamento do noso grupo respecto deste Regulamento de Participación Veciñal, nós xa dixemos naquel momento e volvo a dicilo, que vostedes en vez de facilitar a participación veciñal o que están facendo é burocratizando a participación veciñal, en vez de facilitar que os veciños poidan participar na vida municipal, vostedes están pondo filtros e trabas para que os veciños poidan facelo, e máis, así llo fixeron saber certas persoas que vostedes acaban de rexeitar. O noso grupo naquel momento manifestamos que nos absteríamos porque estamos de acordo coa participación, por suposto, non estamos de acordo co regulamento. Estamos de acordo que haxa un regulamento por iso a nosa abstención naquel momento e a abstención que a seguimos mantendo a día de hoxe, polo tanto vai a ser o goberno municipal o responsable de que este Regulamento sexa un éxito ou un fracaso. Nós en aras unha vez máis de practicar a coherencia, non o non polo non como dicía vostede ao inicio deste pleno, que sempre estamos en contra de todo, repase vostede nos últimos dez anos as votacións do noso grupo e vexan vostedes cantas veces votamos en contra e cantas veces votamos a favor e cantas veces nos abstivemos en cousas coherentes e sensatas. Esa é a política da coherencia señores do goberno, naquilo que estamos de acordo, naquilo que é bo, naquilo que é necesario para o noso Concello apoiámolo e votamos a favor e naquilo que consideramos que non é bo, que están equivocados, votamos en contra e abstémonos. Podemos estar de acordo no fin do regulamento, no fin da ordenanza, no propósito en si das decisións do goberno, tanto en obras como noutras accións no eido cultural ou social ou educativo, pero que non compartimos o cen por cen e por iso optamos pola abstención e é o caso deste Regulamento de Participación Veciñal, porque creo que ten tantas lagoas como tamén cousas boas. Houbo unha situación que todos coñecemos e nos valorámolo no noso grupo, en todo este tempo de situación excepcional non presentamos practicamente nin un só escrito ao Concello en temas administrativos, en aras de facilitar e de “non molestar” ao goberno con cousas que creemos que non eran necesarias, que poderían esperar e tamén pensando en que



ía a ser así non presentamos alegacións porque sabíamos a decisión do goberno de ante man de non aceptar aquilo que nós dixemos no pleno de febreiro, que é o realmente importante e que é que este grupo non vai ter representación nese órgano de participación, polo tanto vostedes non o ían a aceptar, porque así llo fixemos saber nesa Comisión e nese pleno e xa dixeron claramente que non o ían a aceptar e para nós iso é fundamental. Tamén o feito de que os veciños non poidan participar directamente e si o teñen que facer a través doutros representantes de asociacións ou o que decidan eses Consellos de participación veciñal.

Sra. Tourón Domínguez: Empezo por responder ao tema das terrazas, non seguir entrando nese tema de si é restritiva ou non é restritiva, eu che podó asegurar que por suposto vou a consensuar cos hostaleiros como levo feito en todas as cousas que se tomaron como medidas en hostalería e comercio neste ano que levo de Concelleira. Temos trinta días de alegacións e así o farei, igual que atenderei as vosas si as presentades. Qué pensa o Partido Popular da participación veciñal? Pois acabamos de velo, é tan importante para eles a participación veciñal que utilizou a metade do tempo de intervención e en outros temas en vez de falar de participación veciñal. Por outro lado lávase as mans, pelotas fora, nos abstemos porque así este regulamento será o fracaso ou o éxito deste goberno, este é todo o traballo que o Grupo do Partido Popular sabe facer estando na Corporación, lavarse as mans e que nós acertemos ou erremos. En canto ao que é o Regulamento de Participación Veciñal, dicir que estou orgullosa e agradecer ao equipo por todo o apoio recibido en quitar adiante este Regulamento de participación veciñal, é un día importante para Salceda, e para non dicilo eu, vou a ler un párrafo do propio informe de Secretaria ás alegacións: *“De conformidade co exposto queda claro que a creación do Consello Veciñal non limita os dereitos de participación veciñal nos asuntos públicos, senón que abre un nova vía de participación a través da creación dun órgano específico que ata agora non existía no municipio de Salceda de Caselas”* e con isto remato e como dicía antes só é dar resposta as alegacións e non imos a entrar no fondo.

Sr. Rodríguez Davila: Mire Sra. Tourón no pleno de febreiro na miña primeira intervención eu dicía: *“como titular é bonito porque todo o que é participación soa moi ben pero creemos que a realidade ben pouco ten que ver coa participación directa do veciño a título individual”*. Claro que os slogans, a propaganda e todo iso a esquerda normalmente dásele moito mellor que outras persoas, é certo, bombo, platillo, eslongans. O que acaba de dicir que pon o informe da Sra. Secretaria nós o respectamos, claro que se pode participar no pleno porque esta regulado a través do ROF ou vostede non sabe iso que calquera veciño pode pedir a palabra a terminar a sesión plenaria e que o Alcalde ou Alcaldesa ten a potestade de darlle a voz se así o considera? Polo tanto claro que hai maneira de participar, non veñen vostedes aquí a inventar a panacea nin veñen vostedes a descubrir nada novo baixo o sol, polo tanto claro que hai maneiras, outra cousa é que vostedes nun acto de cumprir ou botarse flores traen este regulamento que está moi ben. Se nós o apoiamos é que estamos ao cen por cen de acordo, non o estamos, polo tanto non o podemos apoiar. Sevotamos en



contra vostedes dirán que nós estamos en contra de todo, nós non votamos en contra de que haxa un regulamento, nós non estamos de acordo con este Regulamento ao cen por cen pero tampouco estamos en desacordo en que haxa este Regulamento, porque non é tan válido o posicionamento deste grupo do que vostedes poden decidir en outras votacións? Ou é que para uns si e para outros non? Ou que non é máis importante o punto que debatemos fai un momento dos orzamentos, moito máis importante, que vostedes unha vez máis impediron o debate aberto en tempo que nunca na historia deste Concello en 40 anos de democracia impediron os debates e as intervencións que se consideraban oportunas, tanto nos 32 anos do goberno do Partido Popular como nos anos no anterior goberno do Sr. Besada. Nunca antes pasou o que está pasando agora, vostedes limitan os tempos de intervención, vostedes impiden que poidamos falar en temas importantes o tempo que consideremos e debater abertamente ao respecto, porque vostedes unha vez máis ven como en certos puntos quedan sen argumentos, porque este grupo con concelleiros como Joaquín, Ana Cristina, Tivo, Angela ou Noelia lle desmontan un e cada punto de temas coma o orzamento ou coma outros que imos a falar. Como a este goberno non lle interesa que haxa debate o goberno limita, o goberno impide e o goberno apaga o micro para que non haxa debate. Qué problema hai en debater máis tempo os orzamentos se o compañeiro Álex dixo que estaba disposto a deixarlle os minutos porque a el lle sobaban? A nós non nos chegan os minutos porque vostedes moita veces demostran a súa pouca eficacia en temas moi importantes coma é o orzamento, como é a xestión económica, como é a aplicación das contas, iso é o realmente importante. O outro de cara a galería queda moi ben, certos titulares, certas ideas, certas cuestións que creo que ben merece a pena non dedicarlle tanto tempo e dedicarlle máis tempo a outras cuestións.

Reitero a nosa abstencións a este Regulamento e o tempo o dirá si estamos no acertado ou no errados.

Sra. Tourón Domínguez: O orzamento é importante e os Regulamentos son importantes e a participación veciñal e escoitar aos veciños é moi importante.

Sr. Rodríguez Davila: Invíttolle a que lea a miña intervención do 27 de febreiro e que lea o que significa a participación veciñal para este veciño, lle anuncio que o vou a colgar na redes sociais para que os veciños poidan ver o que eu dixen ao respecto da participación veciñal, por exemplo non atoparse as portas pechadas das concellerías cando se ven ao Concello.

Sra. Alcaldesa: Pasa a dar lectura a proposta seguinte:

“O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en sesión ordinaria celebrada o día o 27.02.2020, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de Participación Veciñal do Concello. Transcorrido o período de información pública procede neste intre a resolución das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do Regulamento para a súa



posterior publicación e entrada en vigor.

Vistas as alegacións presentadas en tempo e forma por Xosé Manuel Suárez Estévez, en data 13.07.2020, con núm. de rexistro 1029-E-RC-4941.

Visto o informe de secretaría núm. 2020-0024 que analiza xurídicamente o contido das alegacións presentadas.

Por todo o exposto, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar as seguintes alegacións:

Solicitud de nulidade de pleno dereito do Regulamento de Participación Veciñal por regular unha materia propia do Regulamento Orgánico Municipal.

Procede a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2020-0024.

Solicitud de retrotraer o procedemento abrindo unha fase de consulta previa ás entidades sociais rexistradas no Rexistro de Entidades Asociativas.

Procede a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2020-0024 así coma polo feito de que as Entidades Asociativas municipais poderán participar na elaboración e aprobación do regulamento de funcionamento interno do Consello Veciñal ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación Veciñal.

Solicítase a modificación da redacción dos artigos 10 e 27 do Regulamento de participación veciñal.

Procede a desestimación da alegación na medida en que a redacción proposta é esencialmente a recollida no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) en canto á potestade da Alcaldía de establecer unha quenda de rogos e preguntas para público asistente unha vez finalizadas as sesións ordinarias de Pleno. Esta materia figura regulada no artigo 27 do Regulamento de participación veciñal e, tal e como se sinala no informe de secretaría núm. 2020-0024 “a apertura dunha quenda de rogos e preguntas polo público asistente ás sesións plenarias é, tal e como indica o artigo 231 do ROF, unha potestade discrecional da Alcaldía que, polo tanto, non ten a obriga de exercer. En consecuencia, o feito de que o Regulamento de Participación Veciñal contemple esta posibilidade só para supostos de urxencia non resulta contrario á lei.”

Así mesmo debe indicarse que o Regulamento de participación veciñal dítase o abeiro do disposto nos artigos 69.2 e 70 bis da LRBRL e os procedementos e formas de participación reguladas no mesmo non menoscaban nin moito menos suprimen as demais vías de participación veciñal establecidas na normativa de aplicación ao ámbito local, tales coma o exercicio do dereito de petición do artigo 254 da LALGA o que fai referencia o alegante.

SEGUNDO: Estimar a alegación pola que se solicita aclarar a normativa citada no Preámbulo, en concreto os artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia por estar referidos a concellos de máis de 20.000 habitantes, de maneira que onde dí:

“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V e artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 4.1. e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) (...)”

Debe dicir

“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 4.1. e 24 e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 130 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) (...)”

TERCEIRO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento de Participación Veciñal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

CUARTO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento de Participación Veciñal no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO: Desestimar as seguintes alegacións:

Solicitud de nulidade de pleno dereito do Regulamento de Participación Veciñal por regular unha materia propia do Regulamento Orgánico Municipal.

Procede a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2020-0024.

Solicitud de retrotraer o procedemento abrindo unha fase de consulta previa ás entidades sociais rexistradas no Rexistro de Entidades Asociativas.

Procede a desestimación da alegación polos motivos expostos no informe de secretaría núm. 2020-0024 así coma polo feito de que as Entidades Asociativas municipais poderán participar na elaboración e aprobación do regulamento de funcionamento interno do Consello Veciñal ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación Veciñal.

Solicítase a modificación da redacción dos artigos 10 e 27 do Regulamento de participación veciñal.

Procede a desestimación da alegación na medida en que a redacción proposta é esencialmente a recollida no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) en canto á potestade da Alcaldía de establecer unha quenda de rogos e preguntas para público asistente unha vez finalizadas as sesións ordinarias de Pleno. Esta materia figura regulada no artigo 27 do Regulamento de participación veciñal e, tal e como se sinala no informe de secretaría núm. 2020-0024 “ a apertura dunha quenda de rogos e preguntas polo público asistente ás sesións plenarias é, tal e como indica o artigo 231 do ROF, unha potestade discrecional da Alcaldía que, polo tanto, non ten a obriga de exercer. En consecuencia, o feito de que o Regulamento de Participación Veciñal contemple esta posibilidade só para supostos de urxencia non resulta contrario á lei.”

Así mesmo debe indicarse que o Regulamento de participación veciñal dítase o abeiro do disposto nos artigos 69.2 e 70 bis da LRBRL e os procedementos e formas de participación reguladas no mesmo non menoscaban nin moito menos suprimen as demais vías de participación veciñal establecidas na normativa de aplicación ao ámbito local, tales coma o exercicio do dereito de petición do artigo 254 da LALGA o que fai referencia o alegante.

SEGUNDO: Estimar a alegación pola que se solicita aclarar a normativa citada no Preámbulo, en concreto os artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de

Administración Local de Galicia por estar referidos a concellos de máis de 20.000 habitantes, de maneira que onde dí:

“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V e artigos 69 a 72 do Capítulo I da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 4.1. e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) (...)”

Debe dicir

“Particularmente, en Galicia, acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 251 a 257 do Capítulo V da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 4.1. e 24 e Capítulo IV do Título V da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 130 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) (...)”

TERCEIRO. Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do Regulamento de Participación Veciñal, unha vez resoltas as reclamacións presentadas.

CUARTO. Publicar devandito acordo definitivo co texto íntegro do Regulamento de Participación Veciñal no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

Expediente 1673/2020. Aprobación da mutación demanial interna do antigo centro de saúde.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Como sabedes todos Concelleiros e todas Concelleira un dos días máis importantes para este Concello e para toda a veciñanza foi o 29 de xuño cando por fin entrou en funcionamento o tan desexado e tan necesario Centro de Saúde na nova parcela da rúa Martíres de Sobredo que pasou ser de titularidade do Servicio Galego de Saúde e quedou o vello centro de saúde baleiro o que está situado na rúa Compostela, ese inmovible é de titularidade municipal, ademais forma parte do inventario de bens deste Concello, e visto que tamén tiñamos necesidade de dedicar outros edificios municipais a outras funcións tráese esta mutación demanial do antigo centro de saúde. O obxectivo deste expediente é modificar ese uso sanitario e pasalo



a un uso sociocultural e engadimos na Comisión Informativa educacional e de benestar, uso que nos vai permitir e xa nos permitiu, por a disposición da Consellería de Educación eses dous inmobles dos que falamos no escrito, que é o antigo Centro de Saúde máis a aula da unitaria da Revolta, co afán de colaboración deste equipo de goberno en baixar a rateos no que se nos presenta como unha etapa moi complexa da volta dos nosos nenos e nenas as aulas. Sabemos que o problema de base é outro e a inversión e a contratación do profesorado, teremos tempo máis adiante de falar de educación e de falar destes rateos pero si é certo que esta mutación demanial o que nos permite en primeira instancia foi ese ofrecemento con afán de colaboración, como vos dicía, deste Concello para baixar eses rateos.

Sr. Rodríguez Davila: Nós, como na Comisión, aceptamos esa proposta de aumentar o uso e destino dese edificio municipal, edificio onde se albergaba o antigo centro de saúde, polo tanto estamos de acordo. Nós tiñamos unha proposta para ese edificio, reiterámola no día de hoxe, que era trasladar alí no momento que sexa oportuno, convinte dado a situación actual, todo o complexo da biblioteca municipal, por todo aquilo que durante a campaña electoral lle trasladamos aos veciños e que a día de hoxe seguimos mantendo, xa digo, separando no tempo, as necesidades que puntualmente poidamos ter a día de hoxe polo tanto non de forma inmediata. O que se trae aquí é cambiar o uso dese centro, é dicir, dotalo para poder facer alí outro tipo de actividades, como poden ser actividades culturais ou de servizos sociais, incluso tamén o tema educativo. Iso ten algúns matices lóxicamente, porque non vexo eu que se poida facer nunha consulta dun médico que ata fai un mes dous meses estaba alí consultando, facer unha aula para impartir clases, iso require imaxino que inversións, decisións etc... pero en todo caso está ben propoñela e está ben que o goberno destine fondos para o mesmo. No orzamento non miramos nada xa que é un edificio municipal, é unha pena que a vontade do Concello non sexa tamén a de aportar fondos, está ben exixir aos demais, e estamos de acordo, pero tamén que o Concello cumpra coa súa parte ao respecto. Estamos a favor e por iso imos a votar a favor, se estiveramos en contra votaríamos en contra, e si estiveramos a medias nin a favor nin en contra nos absteríamonos, esa a decisión deste grupo da Corporación, que tuvo o respaldo maioritario dos salcedenses, iso é o que hai que respectar, as decisións dos grupos e si non lle gustan hai que aceptalo, igual que a nós non nos gusta moitas cousas e hai que aceptalas.

Sra. Tourón Domínguez: Por suposto que acepto e respecto todas as decisións de grupo, solo din a miña opinión porque vostede o que dixo é *“así o éxito ou o fracaso será do goberno”*, non é a falta de respecto á decisión que por suposto faltaría máis que esta Concelleira se metese na decisión do Grupo Popular. En canto ao tema que nos atinxe, a liña do Goberno é darlle uso ás instalacións municipais. Do inventario municipal de edificacións que non temos uso, nesa liña estamos traballando, xa se fixo anteriormente con algunhas escolas e agora con esta mutación no tema do centro de saúde eu respaldo a decisión que tomou este equipo de goberno de poñerllo a disposición da Xunta de Galicia, de educación falaremos despois, e o voto

do Grupo Socialista será a favor.

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos aquí a mutación demanial como en outros edificios que facemos unha desafectación, enviamos unha proposta a Xunta de Galicia, a Consellería de Educación, se queren empregar o edificio para reducir a rateos que pomos a dispor deles, no caso de que non sexa posible, comezaremos a preparar o edificio para reformalo, xa traeremos aquí os proxectos e as ideas que vaian xurdindo. Votaremos a favor desta mutación.

Sra. Alcaldesa: Cando vostede fala de inversión, desde logo cando o espazo ten un uso educativo a inversión deberá de ser por parte da Xunta, ese centro inicialmente estaba destinado a espazo sociocultural, un espazo para a nosa mocidade que ben o precisa e ben ten necesidade de compartir un espazo, un local, pero este goberno creu que coas necesidades que se dan socialmente hoxe en día, coa pandemia, debemos aprender a necesidade de que os edificios sexan polivalentes, que teñan diversos usos, por iso ademais do uso sociocultural se engadiu o de educacional e o de benestar, entre os usos, para obter esa polivalencia. O equipo de goberno tamén tiña un proxecto para ese centro dedicalo a uso sociocultural, mocidade, que por certo ten elaborado un anteprojecto que como todos os outros proxectos será traído a este pleno.

Dou lectura a propostas seguinte:

“Visto que desde o pasado 29 de xuño de 2020 está en funcionamento o novo centro de saúde sito na Parcela de Equipamentos EQ-01 do PERI UE-02 que é de titularidade do Servizo Galego de Saúde, Consellería de Sanidade, quedando en consecuencia sen uso o antigo centro de saúde sito na rúa Compostela 6, inmovible de titularidade municipal, desde o día 26 de xuño de 2020.

Visto que o inmovible do antigo centro de saúde consta no inventario municipal de bens cualificado coma ben de dominio público de propiedade municipal e destinado a centro de saúde; sendo de interese para o Concello que o inmovible sexa destinado a outros usos, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso co obxecto de posibilitar a súa cesión a entidades sen ánimo de lucro.

Visto que o Concello ten a necesidade de dedicar o sinalado inmovible a usos de carácter sociocultural, o cal é beneficioso para o interese público e da poboación e que, como Entidade Pública administrativa, posúe a potestade de crear os servizos que entren dentro da súa competencia.

Sendo necesario, por tanto, cambiar o destino público do citado inmovible, para legalizar e normalizar a súa situación, o que significa iniciar un expediente de modificación no destino público do ben, na modalidade de mutación demanial interna ou obxectiva.



Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0030 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial interna antigo centro de saúde sito na rúa Compostela 6 para destinalo a usos de carácter sociocultural, educativo e de benestar.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, por prazo dun mes, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte do mesmo que se acorde.

Se durante o prazo de información pública non se presentaron alegacións, o acordo entenderase como definitivo.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos trece membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial interna antigo centro de saúde sito na rúa Compostela 6 para destinalo a usos de carácter sociocultural, educativo e de benestar.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, por prazo dun mes, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte do mesmo que se acorde.

Se durante o prazo de información pública non se presentaron alegacións, o acordo entenderase como definitivo.

Expediente 646/2020. Ratificación do Decreto núm. 2020-0595 de aprobación do “Proxecto de mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta”. Plan Concellos 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sra. Tourón Domínguez: Traemos hoxe a ratificación do Decreto de aprobación proxecto, o proxecto inicial foi aprobación no pleno do 10 de marzo de 2020, unha vez mandado á Deputación fixéronnos unha serie de requirimentos, o que fixo que se

modificara o proxecto e se enviase de novo. En resumo, as obras que se van a executar son a demolición dos pavimentos existentes para formación dunha nova soleira, carpinterías de aluminio nos ocos da fachada do patio de xogos, trasdosado da cara interior do cerramento e pintado da estrutura da cuberta, tamén a revisión e ampliación da instalación electricidade con iluminación de baixo consumo, a formación dunha rampla exterior accesible e a instalación dunha marquesiña acorada á fachada para a espera dos autobuses. Os cambios con respecto á memoria que se aprobou no pleno de 10 de marzo é que non se actúa sobre os aseos existentes e faise unha rampla exterior, iso non significa que os aseos queden sen facer, intentaremos executalos con fondos propios. Ademais desa modificación se engaden os seguinte documentos: xustificación da accesibilidade, o estudo básico de seguridade e saúde, a xestión de residuos e a xustificación da non necesidade da certificación enerxética. Esas son en resumen as modificacións establecidas que nos solicitou a Deputación para esta obra que entra dentro do Plan Concellos 2020 e aquí o que traemos e a ratificación do decreto de aprobación que xa está feito.

Sra. Pérez Domínguez: Boas noites a todos e a todas, a nós gustaríanos saber xa que se sacou a reforma dos baños do proxecto anterior e dixeches que ías a buscar fondos propios, si tedes pensado realizalos agora nesta obra ou ides esperar a realizalos con algún tipo de subvención? Estamos totalmente de acordo nas melloras das unitarias, son realmente necesarias e alegrámonos que se levan a cabo e esperamos que non queden solo na aula de Budiño.

Sra. Tourón Domínguez: Intentaremos que sexa durante a realización das obras, estamos inspeccionando todas a vías de financiación incluída a de con fondos propios. Baños hai, o que pasa é que no son accesibles, non quere dicir que a edificación quede sen aseos, de todas formas o intentaremos canto antes.

Sra. Alcaldesa: O feito de que viñera o requirimento da Deputación non quere dicir que se demore esta obra, o feito de que se aprobara por decreto precisamente foi para axilizar o procedemento, hoxe o que se trae é a ratificación dese decreto pero o motivo era non perder absolutamente tempo e aportouse esa documentación. Engadir que os rapaces e rapazas non van quedar sen baños, servizos e aseos teñen pero esa obra contemplaba uns baños a maiores que trataremos de buscar financiación como ben dixo Verónica.

Sra. Pérez Domínguez: Solo era para saber si se ía a levar a cabo na mesma obra, estamos totalmente a favor.

Sra. Alcaldesa: Dicar que a recuperación das unitarias era das cousas que coincidíamos os tres programas dos tres grupos que estamos aquí, ou sexa a recuperación das unitarias das nosas parroquias ían en cada un dos nosos programas electorais. A última reparación foi a da escola da Vendanova para trasladar un uso de Centro de enfermidade neurodexenerativas que xestionará AFAGA e a vindeira será

Budiño, pero a nosa intención e na medida que poidamos ter capacidade de financiación, é recuperar todas as aulas parroquiais, ademais das casas de mestres e mestras que tamén é outra das liñas a seguir e que comparte toda a Corporación. Dito isto paso a ler o Decreto de ratificación, seguinte:

“En data de 2 de xaneiro de 2020 publicáronse no BOP de Pontevedra as bases reguladoras e convocatoria do plan provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2020. Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter anual. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.(BOPPO Núm. 1 xoves, 2 de xaneiro de 2020).

Os concellos poden libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar, destinándose as axudas e subvencións ás seguintes liñas:

-Liña 1. Investimentos.

-Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc.

-Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Visto que na sesión plenaria desenvolvida o 10 de marzo de 2020 se adoptou por unanimidade de votos a favor o seguinte acordo:

“Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da aula de Budiño do CRA Raiña Aragonta” redactado arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data 03.03.2020, cun orzamento base de licitación de 48.370,60 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.394,90 € e o presuposto sen IVE a 39.975,70 €.”

Visto o requirimento de emenda de deficiencias realizado pola Deputación Provincial de Pontevedra en data 28.05.2020.

Redactado un novo proxecto, que recolle as emendas requiridas, polo Arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo Arquitecto Técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data xuño 2020; ascendendo o total do orzamento base de licitación a 47.244,70€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.199,49 euros, e o presuposto sen IVE a 39.045,21 euros.



Visto que non cómpre ningunha achega municipal para desenvolver as actuacións

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da

RESOLVO:

PRIMIEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta” redactado polo Arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo Arquitecto Técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data xuño 2020; ascendendo o total do orzamento base de licitación a 47.244,70€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.199,49 euros, e o presuposto sen IVE a 39.045,21 euros.

SEGUNDO. Que o Pleno da Corporación ratifique o acordo de aprobación do proxecto

TERCEIRO. Solicitar subvención de conformidade co disposto nas bases reguladoras e convocatoria do plan provincial de obras e servizos (Plan Concellos) 2020, cuxo contido se coñece e se acepta na súa totalidade, respecto da Liña 1, para o “Proxecto de mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta” redactado polo Arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo Arquitecto Técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data xuño 2020; ascendendo o total do orzamento base de licitación a 47.244,70€ (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.199,49 euros, e o presuposto sen IVE a 39.045,21 euros.”

VOTACIÓN: Sometida a votación resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión; adoptándose os seguintes acordos:

ACORDA ratificar o Decreto núm. 2020-0595 de aprobación do “Proxecto de mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta”. Plan Concellos 2020

Expediente 980/2020. Ratificación do Decreto núm. 2020-450 de aprobación do proxecto de obras “Asfaltado dos camiños Camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada, da Pedreira, de Casal, de Sobredo, da Igrexa de Soutelo e da Estrada do Pazo a Feira”

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: Boas a noites a todos os compañeiros da Corporación e aos veciños que nos están vendo polas canles de youtube do Concello. Estes camiños xa foron aprobados aquí en pleno en dous proxectos distintos que unha vez que a Deputación nos enviou un requirimento ao respecto, basicamente tratábase de sacar



unha das obras dun dos proxectos das obras, porque non cumpría co criterio de titularidade municipal do terreo. Estamos falando do asfaltado da parte traseira do IES Pedras Rubias, como é de titularidade da Xunta, que fora cedido pola Comunidade de Montes de Parderrubias, non podemos actuar alí e xa veremos o que se fai máis para adiante. A raíz dese requirimento, e como o Arquitecto Técnico redactor era o mesmo, acordamos refundilos nun solo proxecto porque se trata de obras moi pequenas e acordamos que era mellor facelo así para que tivera unha identidade no proxecto e non houbera máis problemas coa Deputación. Os asfaltados destes camiños son: camiño da Pedra en Salceda detrás do campo de fútbol; os Amieiros en Picoña; o camiño da Besada tamén en Picoña; camiño da Pedreira que está entre Salceda e Entenza, onde empeza o barrio de Torrón e remata o da Serra; o camiño do Casal e o de Sobredo ven sendo o mesmo, son dous camiños que están en Sobredo; o entorno da Igrexa de Soutelo e a estrada do Pazo a Feira, esta é unha obra en Entenza no barrio de Rotea, xa foi suficientemente explicado aquí, foi acordo por todo o mundo tal como acordamos a principio de legislatura de traer aquí todos os proxectos de obras, o único que se fai vai a aprobar hoxe e a ratificación do Decreto que foi feito para avanzar no tema, porque as obras xa estaban aprobadas por toda a Corporación. O que traemos aquí en realidade e a aprobación do Decreto deste proxecto.

Sr. González Souto: Boas noites, si Miguel xa falamos destas obras, salvo o asfaltado, no pleno do 10 de marzo de 2020, démonos conta que o asfaltado que se quería facer non é da Xunta exactamente, é da comunidade de Montes que o cedeu á Xunta como tal, xa estábamos de acordo no seu momento con esas obras e polo tanto ese será o noso voto.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura ao Decreto seguinte:

“En data de 2 de xaneiro de 2020 publicáronse no BOP de Pontevedra as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020. Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter anual. As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.(BOPPO Núm. 1 xoves, 2 de xaneiro de 2020)

Os concellos poden libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar, destinándose as axudas e subvencións ás seguintes liñas:

-Liña 1. Investimentos.

-Liña 2. Amortización, de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídos os derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc.



-Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Entre as actuacións que considera necesarias este Concello encadrables na LIÑA 1 están as seguintes:

En materia de obras:

PROXECTO DE ASFALTADO DOS CAMIÑOS DA PEDRA, DOS AMIEIROS, DA BESADA, DA PEDREIRA, DE CASAL, DE SOBREDO, DA IGREXA DE SOUTELO E DA ESTRADA DO PAZO A FEIRA.

Proxecto redactado polo Arquitecto Técnico D. Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 27.05.2020; ascendendo o total do orzamento base de licitación a 58.435,80(IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 10.141,75 e o presuposto sen IVE a 48.294,05, e sendo o honorarios por redacción do proxecto de 4.356,00 €.

Visto que non cómpre ningunha achega municipal para desenvolver as actuacións incluídas na LIÑA 1.

De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMIEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de asfaltado dos Camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada, da Pedreira, de Casal, de Sobredo, da Igrexa de Soutelo e da Estrada do Pazo a Feira” redactado polo Arquitecto Técnico D. Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 27.05.2020; ascendendo o total do orzamento base de licitación a 58.435,80 (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 10.141,75 e o presuposto sen IVE a 48.294,05.

SEGUNDO: Solicitar subvención de conformidade co disposto nas BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020, cuxo contido se coñece e se acepta na súa totalidade, respecto da Liña 1, para o “Proxecto de asfaltado dos Camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada, da Pedreira, de Casal, de Sobredo, da Igrexa de Soutelo e da Estrada do Pazo a Feira”; ascendendo o seu orzamento base de licitación a 58.435,80 (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 10.141,75 e o presuposto sen IVE a 48.294,05, e sendo o honorarios por redacción do proxecto de 4.356,00 €.”

VOTACIÓN: Sometida a votación resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión; adoptándose os seguintes acordos

ACORDA ratificar o Decreto núm. 2020-450 de aprobación do proxecto de obras “Asfaltado dos camiños Camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada, da Pedreira, de Casal, de Sobredo, da Igrexa de Soutelo e da Estrada do Pazo a Feira

Expediente 1671/2020. Adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sr. González González: O plan ÁGORA que sacou a Deputación foi presentado nunha reunión telemática que se celebrou o día 14 de maio deste ano por parte da Deputación, onde estaban presentes a Presidenta, os Deputados que levan a mobilidade, técnicos, etc... por parte do Concello de Salceda estábamos Loli, Verónica, eu e Rubén o arquitecto. Foi unha reunión telemática con todos os Concellos que quixeron participar, moi ampla e moi interesante. O plan ÁGORA trátase dunha rede de acción institucional entre concellos e Deputación a prol de considerar e valorizar o espazo público como un dereito fundamental da cidadanía e un dos seus fundamentos é que o espazo público forma parte substancial da vida das persoas, como escenario natural das relacións colectivas, esta é a idea base filosófica do proxecto. O obxectivo deste plan é que de aquí ao 2023 os Concellos que se adhiran a este Plan, como pretendemos aquí hoxe, incrementen de forma substancial o espazo reservado para as persoas, itinerarios peonís e ciclistas.

Dende a Deputación elaboraron unha especie de decálogo de 10 puntos básicos nos que se vai a basear a acción deste Plan que os vou resumir brevemente, o punto número 1 di: O espazo público é un dereito, e dicir toda persoa no ámbito urbano ou de calquera dimensión ten dereito a dispor dun espazo público de calidade no que desenvolver a súas vidas e as súas relacións sociais con seguridade. O punto número 2: As persoas primeiro, calquera actuación terá como obxecto garantir a mobilidade peonil que estará por diante na prioridade sobre outros modos de transporte, sobre todo vehículos a motor. Punto número 3: Mobilidade inclusiva, que é unha obriga dos concellos garantir a accesibilidade universal aos espazos públicos, tal como se ven facendo xa en todos os proxectos que se teñen elaborado no Concello de Salceda, as humanizacións da Vila, atenderase de xeito prioritario ás necesidades dos colectivos máis vulnerables como nenos e nenas, persoas maiores e persoas con diversidade funcional. Punto número 4: Autonomía infantil, este é un punto moi interesante que desenrolaremos máis adiante, a través dun proxectiño que faremos de camiños seguros para a escola, que o que ven a dicir este punto é que os concellos promoverán a creación de camiños escolares seguros, potenciarán a presenza de



nenos e nenas nas rúas e prazas de xeito autónomo sen necesidade de estar acompañados polos seus pais. Punto número 5: Mobilidades alternativas, promoverase a mobilidade natural e activa fronte á motorizada tanto nos núcleos urbanos como nos rurais, creando espazos de preferencia peonil nas rúas e prazas centrais das nosas vilas e parroquias. No punto número 6: Espazos seguros, a seguraza viaria será unha prioridade nos concellos incentivando políticas de calmado de tráfico, basicamente nas contornas urbanas e nos núcleos rurais denso disporase dunha velocidade máximas de 30 km/h. e nos espazos públicos de preferencia peonil os vehículos autorizados terán unha velocidade máxima de 10 km/h. Punto número 7: Hábitat saudable, a redución da presenza de vehículos a motor e o fomento da mobilidade activa servirá para construír unha sociedade máis saudable. Punto número 8: Espazos amables e de calidade, os concellos comprométese a que en todos os proxectos de intervención no espazo público se garanta un espazo peonil amable e de calidade, cun itinerario continuo e libre de obstáculos, fala incluso de medidas de beirarrúas como mínimo de 2,5 m. e ou preferiblemente de 3 m. Punto número 9: actividade económica de proximidade, é evidente que a potenciación do espazo público de calidade e a presenza de persoas nas rúas servirá de fomento do comercio local; e o punto número 10: mobilidade sustentable, diante da actual crise climática e tendo en conta os obxectivos de desenvolvemento sustentable elaborados pola ONU e a Axenda 2030, os Concellos promoverán a redución do uso de vehículos a motor.

Estes son os puntos fundamentais deste plan e todos os Concellos que se adhiran, como hoxe pretendemos aquí nesta sesión plenaria, van a ter unha serie de obrigas e tamén a Deputación terá as súas. Por parte da Deputación impulsar a iniciativa, liñas de subvención e programas de axudas en beneficio de Concellos de menos de 50.000 habitantes para proxectos de recuperación do espazo publico e de fomento das mobilidades alternativas, xestionar a captación de recursos externos para mellorar o financiamento do proxecto, nomeadamente liñas de financiamento europeo para o cumprimento da Axenda 2030. Por parte dos Concellos comprométese a incrementar de aquí a 2023 de xeito substancial os espazos públicos municipais destinados ás persoas, así como crear infraestruturas de mobilidade alternativa; elaborar (ou ter elaborado) un Plan de Mobilidade Urbana Sustentable ou plan estratéxico semellante, que se chama PMUS que o Concello de Salceda xa o ten elaborado fai algún tempo para poder acceder as posibles subvencións do Plan AGORA.

Sr. Rodríguez Davila: Isto sona moi ben, pero a veces e verdade que se prexudican a certas cousas cando nos excedemos con certas decisión e non somos capaces de buscar o equilibrio entre a convivencia necesaria das persoas, o entorno e tamén o desprazamento que necesitan a través dos vehículos os veciños que viven nas nosas parroquias, hai que buscar ese equilibrio que tan necesario é e que as veces nos excedemos e estrangulamos a posibilidade de que o noso comercio teña a posibilidade de seguir vivo. Varios exemplos temos aquí na Esfarrapada, que algún



establecemento, dada a decisión do Goberno nos últimos anos, ven como as súas vendas diminuíron moitísimo porque o que alí venden necesitan que os vehículos accedan o máis preto posible aos seus establecementos. Creo que é posible facer e compatibilizar durante un horario determinado do día que eses vehículos poidan estar cerca, pasar cerca ou aparcarse por un tempo reducido, como así o propuxeramos nós na creación da ordenanza municipal de estacionamento de zona verde para reducir a metade do tempo da hora azul deses espazos no entorno da praza do Concello, e poder así permitir que veciños das nosas parroquias poidan vir a mercar a establecementos aos que necesitan ir cos seus vehículos preto deses establecementos para cargar material que alí venden e non estrangulalos, e ver como as súas vendas, así nolo fan saber, se viron reducidas drasticamente e veremos si algún non vai pechar nos próximos meses, sumados lóxicamente tamén a situación actual que nada axuda.

Dito isto nós estamos de acordo con todo o que sexa mellorar a vida dos nosos veciños e nosa mesma por suposto, pero digo que hai que buscar ese equilibrio e non pasarnos da raia, por dicilo nun termino vulgar, a hora de pintar no papel que despois na realidade vemos que tanto dano fan esas obras e temos moitos e claros exemplos na Esparrada, nos últimos anos con proxectos que fixo o goberno pois ao final non son funcionais, que incluso aos vehículos lles costa xa non só pasar por eses cruces e por esas rúas senón que literalmente montan por enriba dos obstáculos que se lles puxo na calzada. Vostedes non facilitan, impiden en moitas ocasións, e digo e reitero é compatible humanizar co uso necesario dos vehículos dos veciños que viven nas parroquias, é precisamente o que nós pedimos, que sexan coherentes á hora de facer os proxectos e que acepten as propostas de algúns comerciantes e de algúns veciños e deste grupo que de boa fe lle facemos, para que rectifiquen os proxectos que se demostra que, unha vez executados, non son funcionais e son incluso a veces perigosos. Outro claro exemplo é a carga e descarga que temos na Praza do Concello que é un perigo, esa praza de carga e descarga dentro da Praza do Concello non está ben situada, polo tanto creo que hai que anotalo e tomar nota ao respecto e é compatible ao mellor ter esa praza en determinados horarios e non permitir a autorización da mesma discrecionalmente.

Unha vez máis e sendo coherentes nós imos a votar a favor porque estamos de acordo co que aquí se di, e reitero e así o dixen na miña exposición de motivos e queda constancia en acta de que hai que facer as cousas con sentido e non é tirar para adiante, pintar bonito no papel moitas florituras e despois vemos como hai que reforzar. Metemos reforzos ás xardineiras porque se desmontan e se desfán e gastamos euros e euros municipais que ben necesitamos para causas tan necesarias nas nosas parroquias e nosos servizos públicos e non despilfarrar o diñeiro de todos. Esperamos que non sexa como aquilo que se aprobou co noso apoio tamén en aras da boa intención de que tamén era un proxecto que sonaba moi ben e que quedaba moi bonito, e que efectivamente si se realizase, que me consta que en algúns lados si o fixeron non o 100% senón nunha amplía maioría, como era aquela adhesión a



“cidade dos nenos”, gustaríame saber que é o que se aplicou dese plan en Salceda, para algo valeu, valeu para que a Concelleira naquel momento fose a algunha viaxe por aí a impartir instrucións a conta do erario publico, para iso valeu pero que nós saibamos a día de hoxe non hai ningunha medida, ningunha proposta, ningunha obra de adhesión do noso Concello a chamada “Cidade dos Nenos” e eu espero que isto non sexa algo parecido.

Sra. Tourón Domínguez: Estou segura que todo o equipo de Goberno está de acordo coa liña de traballo da Deputación, neste caso en canto á recuperación de espazo público para as persoas. É verdade que hai que convivir e hai que convivir coches e persoas, pero está claro que o mundo avanza e nós temos que avanzar con el e a xestión do goberno ten avanzar con el, por iso temo que aplicar principios como os que establece o Plan ÁGORA como as persoas primeiro, mobilidade inclusiva, os espazos seguros, mobilidade sustentable, temos que avanzar nesta liña e por iso estamos totalmente de acordo con esta liña de traballo que propón a Deputación de Pontevedra, e por suposto facémolo tamén pensando no comercio. É verdade que hai que intentar ese equilibrio, todo pode ser mellorable pero dende logo este tipo de accións facémolas pensando tamén no comercio e na veciñanza en xeral, primeiro, como dicía antes, as persoas.

Sra. Alcaldesa: A min si que me fai especial ilusión adherirnos a esta rede de Concellos ÁGORA de desenrolo sostible, que como ben nos explicou Miguel, nos propón a Deputación de Pontevedra, unha iniciativa ademais que ten como obxectivo a axenda urbana 2030 a que todos deberamos sumarnos e a que ten como obxectivo o desenrolo sostible aprobado pola ONU e un destes principios é o aumento de espazos para as persoas e a creación de itinerarios para ciclistas e peóns. Venme á mente a senda ciclista que ten pensado executar a Xunta de Galicia e espero que teña a ben non perder eses fondos europeos e axudarnos a trazar esta liña de cumprimento da axenda urbana 2030. Esta adhesión serve para que os Concellos nos comprometamos a realizar políticas, que no caso deste goberno e en gobernos anteriores se levaron e se levan a cabo. En anteriores legislaturas a nosa liña de traballo sempre foi a creación dos espazos para as persoas para aqueles colectivos máis vulnerables, peonalizando, humanizando, creando espazos como as sendas, máis de 7 Km de sendeiros ao longo do noso Concello así o demostran. Todos fomos conscientes da importancia que tiveron a creación de todos eses espazos nunha pandemia na crise da COVID-19, fomos dos primeiros Concellos, como ben dicía Miguel, que tivemos a ben aprobar o Plan Municipal de Mobilidade Urbana Sostible, un plan importantísimo co que seguimos, co que é o noso libro, co que seguimos as pautas que marca ese Plan. Este ano que levamos de legislatura este equipo de goberno foi quen de poñer en funcionamento, rematar tres obras importantísimas, rúa Compostela, a nova praza da Devesa e a rúa Gándara, repito, espazos moi importantes para as persoas que quedaron demostrados e que foi moi evidente o resultado que deron durante esta situación de pandemia. G gustaríame saber cales son eses exemplos de peche de negocios por humanizacións e por peonalizacións,



gustaríame sabelo porque a min me preocupa o comercio igual que ao resto de compañeiros e compañeiras. Nesta etapa de Alcaldesa levo recibido a diversos veciños e veciñas de diferentes rúas pedíndonos que humanicemos ou que peonalicemos algúns espazos desta vila, como Alcaldesa me preocupa e si vós tedes esa información me encantaría que ma trasladases.

Sobre a “Cidade dos Nenos” que comentaba Santi que foi unha proposta a que nos adherimos e non lle demos trazabilidade, primeiro hai que xerar eses espazos, crear eses espazos, eu creo que Salceda agora mesmo contén eses espazos para desenrolar unha vez adheridos e creo que na intervención do compañeiro Miguel incluso falou dun pequeno proxectiño que imos a empezar a elaborar para empezar a crear eses camiños, camiños que visualmente xa están porque nos permiten unir aqueles núcleos máis poboados como son a Praza do Concello, Rúa Pontevedra con puntos claves como o pavillón, a unitaria, o CRA Raiña Aragonta ou o Altamira a través de zonas seguras. A rúa Compostela foi un dos últimos puntos que nos serviu para canalizar todo ese fluxo de nenos e nenas e crear así a rede de sendeiros que ten que ver con esa adhesión, ou sexa que un conto non foi. Primeiro hai que xerar os espazos Santi e logo crear eses itinerarios e que fale de algunha compañeira que non está aquí, permítame que llo diga, é de moi mal gusto.

Sr. Rodríguez Davila: Me parece que vostede confunde as cousas, eu podo falar dunha Concelleira que exerceu un cargo público durante o seu mandato e esa Concelleira colleu fondos públicos para ir a unha viaxe para falar dun tema, que xa dixen antes, que era a “Cidade dos nenos” e que nada nos aportou a día de hoxe, polo tanto estou no meu dereito e non é faltarlle o respecto a ninguén, é dicir a verdade categórica de algo que sucedeu fai anos. Vostede cree que a obra que se fixo na Devesa é un exemplo de humanización de convivencia entre os veciños, as persoas o lecer, etc...?, Vostedes creen que esa é unha praza digna de alabanza, vostedes creen que é un exemplo de humanización? Porqué estaba petadísima a Praza durante a pandemia? A xente ía todas as tardes para alí que era unha pasada, aínda hoxe en día está cheísima de xente, por favor, se todo é formigón, se aquilo non ten por onde collelo, se non ten nin sombra, creo que é moi mellorable e por suposto a funcionalidade, o que dicía antes das obras esa quedou realmente funcional? Non era moito mellor o plantexamento que facíamos nós, creo que a maioría dos veciños e así o refrendaron que non comporten ese tipo de obras e volvo a insistir, iso non é estar en contra de mellorar o pobo, non é estar en contra de humanizar, non é estar en contra de poñer en valor espazos, por suposto que non, pero iso non significa que non poidamos facer unha crítica construtiva. Vostedes realizaron certas obras nos últimos anos, por exemplo o do Rubás, aí está miles de euros, só hai que mirar como está, canta xente utiliza ese espazo? Non é mellor utilizar eses fondos para outros espazos públicos que si utiliza a xente? Pois iso é distribuír os recursos con sentidoño.

Sra. Alcaldesa: Quen pinta no papel como ti dis son arquitectos e técnicos con certa formación, hai que ter certo respecto aos profesionais, e todos nos equivocamos



igual vostede non. Dou paso a lectura de proposta, seguinte:

“Visto o protocolo de actuación relativo á Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público publicado no BOPPO núm. 23 de data 30.06.2020, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 70 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. A adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.

Segundo. A subscrición dos Principios ÁGORA por parte do concello.

Terceiro. Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello na Rede de concellos ÁGORA polo Espazo Público ao Concelleiro Miguel González González.

Cuarto. Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do organismo provincial para os efectos oportunos.”

VOTACIÓN: Sometida a votación resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión; adoptándose os seguintes acordos

Primeiro. A adhesión á Rede de Concellos ÁGORA polo Espazo Público da Deputación Provincial de Pontevedra nos termos expresados no protocolo de actuación adxunto, co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas del.

Segundo. A subscrición dos Principios ÁGORA por parte do concello.

Terceiro. Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello na Rede de concellos ÁGORA polo Espazo Público ao Concelleiro Miguel González González.

Cuarto. Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do organismo provincial para os efectos oportunos.

Expediente 1749/2020. Dación de conta das resolucións de subvención outorgadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Pleno queda enterado, das resolución de subvencións outorgadas con cargo ao Plan de Obras e Servizo (Plan Concellos)2020.

MOCIÓN URGENTE REBAIXA TIPO IMPOSITIVO DA ORDENANZA FISCAL Nº21 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)

SR. Nuñez Troncoso: Esta moción xa viu a Pleno fai un ano, naquela xa se decidiu por unanimidade iniciar o procedemento, a día de hoxe o procedemento está sen iniciar, iso quere dicir que non hai interese por parte da Alcaldesa e por ende do Grupo Municipal de que os veciños se poidan beneficiar desta rebaixa do tipo do IBI un 3 %. Dou lectura a moción seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, no seu artigo 32.2 contempla as posibilidades de que os Concellos poidan solicitar a aplicación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais, é dicir, o Concello e, no seu nome, o Alcalde/sa, teñen a potestade de .solicitar ou non á aplicación dos coeficientes, que para o exercicio 2020 é dun 1,03%.

Durante o mes de Xullo de 2019, a Alcaldesa optou por solicitar a aplicación de dito coeficiente, o que vai implicar un incremento nos recibos do 181 (Urbana) nun 3% para o 2020.

Non é de "recibo" que o goberno municipal (Movemento Salceda-PSOE) incremente na actual legislatura un 33% (65.000,00 €) o custe de dito Goberno (254.000,00 €/ano), e por outra banda queiran incrementar o 181 ós veciños.

O 25 de outubro/2019, desde o noso grupo presentamos por Rexistro unha moción para debater no pleno, consistente na rebaixa do tipo impositivo actual (competencia plenaria) nun 3%, é dicir, pasar do 0,50% actual o 0,486%. Esta proposta equilibraría o incremento solicitado pola Alcaldesa.

Tal moción non foi debatida, xa que foi rexeitada polo goberno municipal co argumento da Alcaldesa e do seu goberno, de que non era urxente e que non existía prazo para a súa aplicación no 2020, argumento que dado o artigo 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se sostén, é máis, a redución que propoñíamos era posible, o q.ue facía falta é vontade política do goberno municipal en querer aplicala.

O 11 de novembro de 2019, celébrase Pleno Extraordinario a petición do noso grupo, e aprobase, por unanimidade, a solicitude do inicio do procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 21 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobbles.

A data, o noso grupo e por extensión os veciños/as en xeral, descoñece si a alcaldesa deu as indicacións necesarias para por en marcha a modificación indicada. Así, coa finalidade de que o incremento indicado para o 2020 non volva a repercutir para o ano 2021 nos veciños de Salceda de Caselas, o Grupo Municipal do Partido Popular, formula, para a súa discusión-debate e, no seu caso, aprobación no próximo pleno ordinario a seguinte:

MOCIÓN:

INSTAR Ó GOBERNO LOCAL E A ALCALDESA A PROPOR NO PRÓXIMO PLENO MUNICIPAL A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (181) onde se contemple, unha redución do tipo impositivo actual do 0,50% fixando o tipo impositivo nun 0,486%.”

VOTACIÓN URXENCIA. Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión.

Sr. Nuñez Troncoso: Dende o período de 2011-2019 o incremento do IBI sufriu un 38%, en oito anos hai un incremento dun 38%, esforzo que loxicamente fixemos os veciños que vivimos en Salceda, é denigrante pedirle aos veciños que fagan un esforzo, neste caso dun 38% e vostedes incrementen o custe do goberno nun 36% en dous anos. Se lles pide aos veciños ese esforzo e vostedes en vez de ir en favor dese esforzo e reducir o custe do goberno o incrementan nun 36%, 65.000€ máis ou menos. Aclárolle que o Ministerio de Facenda non lle obriga a solicitar a aplicación do 3%, é opcional de cada Concello e léolle o artigo 32.2 que lle mandou o Dirección General do Catastro, o Ministerio, este é o modelíño asinado polo anterior Alcalde pero vostede asinou outro igual pero ese non o quere amosar, ese que o solicitamos que vostede dicía que nos viña chamando case mentireiros, está solicitado dende o 23 de xullo, este é o documento, se vostede non o firmou ese non é problema noso, solicitado está e leva un mes cando a obrigación súa é facilitarnos esa documentación en cinco días, e non pedimos cinco días poden ser dez, quince pero é que levamos un mes, é que hai documentación que leva máis dun ano, di vostede que volvamos a presentala, pero porqué temos que solicitalo se xa a temos solicitada? Xa sei que nos van a dicir vostedes agora que se non se aumenta o IBI igual hai que cerrar servizos, reducir servizos, iso non é certo, iso si que é manipular aos veciños, porque ese incremento que vostedes fan agora é facilmente asumible. Dicíamos antes de reducir os gastos de publicidade, propaganda e gastos protocolarios en 43.000 sabe vostede de canto é ese incremento do 3%? A Sra.



Concelleira sabe de canto é ese incremento do 3% o que supón para os veciños o total? Son 26.000€ ao ano, só con reducir a partida de gastos de publicidade que son 43.000€ incluso sobrarían, pero a vostedes lle da exactamente igual, subimos o IBI nós subimos os salarios e aquí non pasa nada, todos tan contentos. Os boletíns informativos, canto se gastou en boletíns informativos? Voulle a ler, este é unha páxina oficial do Ministerio, o artigo 32.2: *“Los ayuntamientos podrán solicitar la aplicación de coeficientes.”* Creo que está máis claro auga.

Sra. Pereira González: Empezar con un par de matices, o imposto de Ben Inmobles en Salceda non se tocou nos últimos anos, para iso habería que modificar a Ordenanza Reguladora e a última modificación que se fixo foi para facer unhas bonificacións para familias numerosas e para determinados tipos de construcións, o incremento do que vostedes falan é unha actualización, é unha mera actualización de coeficientes e como vostede di a Dirección Xeral de Catastro lle ofrece a algúns Concellos, a aqueles Concellos que temos unha ponencia de valores moi antiga, a Dirección Xeral de Catastro nos ofrece a posibilidade de actualizar eses valores, porque están realmente desfasados e non se axustan á realidade, de feito, non todos os Concellos poden solicitar esa actualización, nin sequera o Concello de Salceda pon a porcentaxe de actualización, a porcentaxe ven marcada pola Lei de Presupostos. A ponencia que ten Salceda é sumamente antiga, se facemos unha revisión da ponencia sería bastante máis gravoso para os veciños que a actualización do coeficiente catastral como se está facendo.

Entrando no debate da moción en si, é certo que en novembro solicitaron nun pleno extraordinario a creación dun expediente a espera dos informes pertinentes pero avanzaron os meses e foron xurdindo outras necesidades, outras prioridades e outros expedientes que fixeron que ese quedase un pouquiño obsoleto. Supoño que se lembran que hai un par de meses aprobamos un plan económico financeiro que viñan solicitando dende hai un montón de tempo e saberán o que iso conleva. Ademais, se leron a documentación o informe da interventora di na última páxina *“por outra banda sería recomendable incrementar os ingresos do orzamento cara exercicios posteriores sobre todo a través do capítulo I de ingresos o que melloraría a estabilidade orzamentaria e permitiría elaborar un orzamento máis realista coas necesidades actuais do Concello”*. Como xa lle dixen antes, é manifesto que os ingresos que ten este Concello son insuficientes para as demandas que un Concello con 10000 habitantes e tan dinámico como este de Salceda ten. Os Concellos estamos afogados de competencias e facendo gastos que non nos corresponden, competencias que se nos colocan sen que a cambio veña a correspondente financiación. A crise do coronavirus púxoo máis que de manifesto, está poñendo ao límite a nosa capacidade financeira, estamos asumindo gastos de limpeza e desinfeccións extraordinarias que en moitos dos casos nin sequera nos corresponden, pero fanse porque nos preocupa a saúde dos nosos veciños. Van a pedir no seguinte punto a comparecencia da Concelleira de Educación para dar conta das medidas que se van a tomar no ensino cando nin sequera o ensino é unha



competencia municipal e pretenden baixar impostos. Queda moi ben de cara a veciñanza pedir a rebaixa de impostos, pero eu creo que a día de hoxe e coas necesidades que están xurdindo ningún organismo, nin entidade local nin estatal, está en condicións de rebaixar impostos. A posición deste grupo vai a ser en contra e vai a ser en contra porque ademais o que vostedes pretenden, piden o rebaixe correspondente da porcentaxe do ano anterior do que se solicitou no 2019, piden unha rebaixa do tipo impositivo, iso modificaría o tipo impositivo para os seguintes anos, neste ano por exemplo, xa non hai actualización de coeficientes e non sempre a actualización é do 3%, por exemplo o ano pasado foi do 3%, este ano non hai e para o ano que ven non sabemos de canto vai a ser. Para rematar, non creemos que as rebaixas lineais sexan o mellor para este tipo de impostos, xa na última modificación que se fixo nesta ordenanza se fixo para beneficiar a familias numerosas, para bonificar tamén certo tipo de construcións que entendiamos que non eran para tributar dese xeito, pero non rebaixas lineais.

Sra. Tourón Domínguez: En canto aos boletíns informativos esta lexislatura 0 euros, non sei si o miraron os compañeiros do Partido Popular. En canto o que dicía Lucía, efectivamente nós tampouco creemos nas bonificacións lineais para todo o mundo igual, senón en bonificacións progresivas. Por outro lado xa recalcar o que comentou Lucía, se aprobou un PEF, non vou ler o parágrafo do informe que xa leu Lucía, pero o que nos ven dicindo é que non podemos baixar ingresos. Faime un pouquiño de gracia o Partido Popular nos puntos anteriores dos orzamentos nos dicía onde podíamos baixar e onde podíamos subir, a rebaixa que esta facendo para asumir esta rebaixa do IBI xa a gastou antes segundo as súas propostas, é dicir, se vostede nos di no punto do orzamentos reducides en publicidade, etc...e así aumentar en axuda no fogar, en educación, que non é competencia nosa aínda que insistades, pois esa diminución do orzamento xa o gastou nesas subidas en educación etc... e agora xa volve a dicir que volvemos a rebaixar en publicidade e xa asumimos esta rebaixa. Publicitariamente e electoralmente baixar impostos queda súper ben para o aplauso fácil, que ides a poñer nas redes, pero está claro que se recomendan quitar dun lado e meter noutro xa o meteu nos orzamentos que vostede dixo e agora retiramos isto e a ver onde o metemos, as contas non dan por moito que o intentemos.

Sr. Núñez Troncoso: Vostedes pensan que é de recibo que se incremento o IBI un 38% e vostedes incrementen o salario nun 36%? A vostede parécelle que é de recibo? Si se lle pide un esforzo aos veciños fagan vostedes o mesmo, sigan o mesmo planteamento, pero non, os salarios máis altos de Galicia os temos en Salceda, dedicacións exclusivas e parciais, xa o dixemos moitas veces. Sra. Lucía, como di vostede que non subiu o IBI mire o 2014 para o 2015 un 11%, do 2017 para o 2018 un 8%, do 2018 para o 2019 un 8% e agora un 3% do 2019 para o 2020. A aplicación dos coeficientes vai sobre o valor catastral, solicitouse no 2019 para aplicar no 2020 que é o que imos a pagar este ano, o que nós propomos é rebaixar o tipo un 3% para equilibrar ese incremento que vostedes solicitaron e sería aplicable loxicamente a



partir do 2021, este ano é imposible pero para o 2021 si que se pode, se hai vontade de facelo, se hai vontade de beneficiar aos veciños. Di opcional, que é moi importante que vostede non o dixo, que o Ministerio lle manda a carta si, pero é opcional, o Alcalde é quen firma se considera oportuno aplicalo ou non. Opcional, se di o contrario demóstremo por que o artigo 32 o dí ben claro “podrán”. O plan económico financeiro, porqué houbo que facer o Plan Económico Financeiro? Por que lle obrigaron a facelo porque a situación económica deste Concello é caótica e aínda vostedes minoran partidas como pode ser a de limpeza en educación, competencia municipal e non minoran o soldo. Nós non estamos dicindo que se queden sen soldo, ninguén está dicindo iso pero estamos pedíndolle unha minoración de 90.000€ e aínda así quedarían por enriba dos salarios que hai na contorna do noso Concello. Non sei si leu vostede o informe de intervención respecto ao IBI, léao porque di que é factible pero hai que reducir tamén partidas de gastos e unha partida de gastos é o seu salario, reduza a súa partida e hai de sobra. En publicidade planteamos 43.000€ xa lle sobra para os 26.000€ que lle implica este 3% o tipo lle digo que no 2017-2018 se baixou tamén do 0,53 ao 0,50.

Sra. Pereira González: Eu non dixen en ningún momento que foxe obrigatorio está facendo vostede a argumentación en base a non sei que, porque eu en ningún momento dixen que foxe obrigatorio, eu dixen que era unha ferramenta que nos ofrecía para aproximar os valores á realidade, porque os valores que temos non son reais, son moi antigos e están desfasados, e esta opción é para aproximalos a realidade, outra opción sería facer unha revisión e xa lle digo que para as arcas do Concello sería moito máis beneficiosa e para os veciños non tanto, por iso optamos polo menos gravoso. O mantra dos salarios deste goberno tamén xa empeza a cansar, hai máis partidas, se quere tamén podemos reducir a da asistencia aos órganos colexiados, aquí só preocupa o salario da corporación, si colle o capítulo I e fai unha media o salario da Corporación estará moi desfasado respecto doutros Concellos, dixo vostede que tiñan unha media moito máis altos cos da contorna, se quere faga a media cos salarios que hai neste Concellos cos traballadores deste Concello e lle direi que está máis ben a baixa. Non temos porque compararnos cos de fora comparémonos cos de dentro.

Sr. Tourón Domínguez: Non vou a entrar no xogo continuo de salarios, de porcentaxes, e moi guay dicir que subimos o porcentaxe do IBE a un 38% e subimos os salarios un 36%, xogar con esas porcentaxes dende logo é xogar coa credibilidade, está sempre intentando machacar a actividade deste goberno, co tema dos soldos o que esta facer é iso, xogar coas porcentaxes e modificar datos e facer un quedar ben como é habitual no Partido Popular, eu non vou entrar nese xogo.

VOTACIÓN MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta rexeitada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3).



Moción urxente escola de canteiros.

Sr. Rodríguez Canosa: Dou lectura a moción seguinte:

“A Asociación de Canteiros de Poio foi creada no ano 2008 por ex-alumnos/as da Escola de Cantería co obxectivo de reclamar a homologación das titulacións que se expiden na citada Escola pertencente a Deputación de Pontevedra.

A Escola de Cantería leva máis de 40 anos de funcionamento. É unha Escola na que os/as alumnos/as reciben máis de 4.600 horas de estudos durante 5 anos. A Escola actualmente expide dous títulos, un de Canteiro/canteira unha vez superados os 3 anos de formación e outro título de Mestre/a Canteiro/a ao superar os cinco anos de formación. Queremos deixar ben claro que, estes dous títulos que ven expedindo a Escola dende os seus inicios e ata o momento presente non están Homologados polo Ministerio de Educación, e que polo tanto non teñen validez curricular a hora de inserirse no mercado laboral, non serven como formación regrada para apuntarse no INEM ou non puntúan nun proceso selectivo. Pola contra, os/as alumnos/as que se formaron na Escola teñen un bo nivel formativo e de execución de traballo e moitos/as deles/las actualmente atópanse traballando en monumentos tan importantes como o Capitolio, Big Ben, Sagrada Familia, Catedral de Santiago, etc.

Analizando o momento actual, somos conscientes de que os oficios tradicionais non teñen un relevo xeracional, especialmente o oficio de canteiro/a, este relevo e importantísimo para que o noso patrimonio pétreo se conserve. A asociación de Canteiros, consciente desta situación, que non é aleatoria, senón que ten relación con non ter unha Escola de Cantería que cumpra coa formación regrada e expida títulos homologados, (cada vez a Escola ten menos alumnado debido a esta situación, chegando a mínimos históricos que perigan a súa continuidade) está loitando para que a Escola se converta nun centro de F.P. por educación, con titulacións de grao medio para o título de Canteiro/a e grao superior para Mestre/a Canteiro/a.

Outra das demandas é reclamar que a Escola de Cantería deixe de utilizarse polas institucións, nomeadamente polos Concellos da Provincia de Pontevedra e pola Deputación Provincial, como fornecedora de obra pública, tanto escultórica como de calquera outro tipo.

Esta reclamación ten dous obxectivos, por un lado evitar que os/as alumnas da Escola sexa “utilizados/as” como man de obra barata, obrigados/as a realizar estas obras, interrompendo o seu plan de estudos existente para realizar obras para uso público. O cal repercute na pobreza da súa formación. Non se

da esta situación en ningún outro centro de formación regradada dependente da Consellería de Educación. Non coa asiduidade coa que se veu facendo ao longo dos anos na Escola e tamén coa opacidade. Porque enténdese que a Escola podería ter colaboracións puntuais con algún organismo público, pero estas terían que ser claras, públicas e puntuais, sempre tendo en conta a formación do alumnado. Cremos que a Escola remataría con esta situación de ser un organismo con formación regradada.

O segundo dos obxectivos desta reclamación e denunciar que se esta producindo COMPETENCIA DESLEAL ou mesmo que se estea a incorrer nun delito, dende os propios organismos públicos, xa que éstos deben cumprir a Lei de Contratos Públicos.

Se obserimos a nosa contorna, vemos a cotío en prazas, rotondas e outras zonas dos nosos Concellos obras en granito da Escola de Cantería. Estas obras son realizadas con coñecemento da Deputación desta situación irregular e con fins político-electoralistas, e o que consideramos máis grave, elaboradas obrigatoriamente polo alumnado da escola, interrompendo o plan de estudos existente. Non podemos permitir que a Escola de Cantería se converta nun aserradoiro, nin ten moito sentido que se estean formando profesionais por un lado e quitándolles o traballo por outro. Nesas condicións, calquer exalumno/a autónomo/a, ou empresa do sector ten moi complicado competir con encargos realizados con DIÑEIRO PÚBLICO destinado á educación e ao funcionamento do centro. Así mesmo queremos denunciar e poñer en alerta aos Concellos, de que se están realizando obras sen uns mínimos criterios estéticos que deterioran a nosa contorna. A aldea rural de Meis, os carneiros ao espeto de Moraña ou o conxunto escultórico do Grove, son algún dos exemplos que cremos supoñen un MALTRATO a PAISAXE, e un indicio do baixo nivel cultural tanto da dirección da Escola, como dos políticos que realizan estes encargos. Coidar a nosa contorna supón unha grande responsabilidade, xa que estas obras perdurarán por moitos anos. É o noso patrimonio, e debe ser creado e mantido por profesionais que dignifiquen o oficio de canteiro, tan significativo para a cultura Galega.

Por todo isto, os Grupos Municipais de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE propoñemos ao

Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Reclamarlle á Deputación de Pontevedra que inicie os trámites precisos para contactar coa Xunta de Galicia e ao mesmo tempo co Goberno Central, para que entre os tres organismos implicados resolvan homologar a titulación da Escola de Cantería, de xeito inmediato.*
- 2. Non aceptar obra pública que sexa executada polo alumnado da Escola*



de Cantería, ou que non teña unhas bases públicas claras para a súa execución.

- 3. Comprometerse a someter a concurso público a concesión de execución de obra escultórica pública, sempre que sexa posible e cumprindo os criterios artísticos e estéticos esixibles.”*

VOTACIÓN URXENCIA. Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.

Sr. Rodríguez Canosa: Esta é a moción, o contido ven recollido nela e se tedes algunha apreciación non teño ningún convinte en comentala.

Sr. Rodríguez Davila: Traemos aquí a este pleno outra vez, aínda que a casuística é diferente, o tema da Escola de Canteiros, xa debatemos no seu momento e foi apoiada unanimemente pola Corporación. Tamén quero lembrar nun pleno da Deputación onde tiven a sorte de defender eu como Deputado Provincial esa demanda dos alumnos e ex-alumnos da Escola de Cantería e aquí se trae para que as administracións públicas teñan a ben non “abuser” da utilización deses alumnos para facer obras públicas. Creo que é importante tomar nota e non incorrer no incumprimento do mesmo por que ao mellor inconscientemente no pasado próximo ou no futuro podemos caer nesa tentación, en que o que aquí dicimos, que está moi ben, logo non o cumprimos, polo tanto en aras de que se cumpra velaremos para que así sexa. O no Grupo vai a estar a favor desta proposta, aínda que nalgúns matices da exposición podemos discrepar, o que se pretende aprobar nestes tres puntos de acordo, estamos na liña polo tanto imos a apoiala sen ningún tipo de dúbida. O noso voto vai ser favorable e reitero que desde o Goberno se teña a ben cumprir o que aquí se di e sobre todo, que se dea traballo a través de concursos públicos en obras que a veces non son tales, polo tanto tomen note e nós estaremos vixiantes ao respecto.

Sra. Tourón Domínguez: Pola nosa parte tamén nos imos a sumar a esta moción e sobre todo paréceme importantísimo a homologación da titulación e tamén mostrar o apoio aos oficios tradicionais, que desgraciadamente están desaparecendo e deberíamos dende as administracións mostrar o apoio.

Sra. Alcaldesa: Unha moción semellante viu a esta sesión plenaria e foi aprobada por unanimidade e logo pasou como ben dixo Santi pola Deputación, onde se non me equivoco tamén obtivo a unanimidade. Volver a reiterar a petición de homologación, por insistir non queda e esperemos que todos os organismos atendan a petición dunha escola tan importante como a de Canteiros, que conserva extraordinariamente ben o noso patrimonio e teñen unha función non solo na nosa terra senón polo mundo adiante fundamental de conservación, imos a proceder a súa votación.



VOTACIÓN: Sometida a votación a moción , esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Reclamarlle á Deputación de Pontevedra que inicie os trámites precisos para contactar coa Xunta de Galicia e ao mesmo tempo co Goberno Central, para que entre os tres organismos implicados resolvan homologar a titulación da Escola de Cantería, de xeito inmediato.

SEGUNDO: Non aceptar obra pública que sexa executada polo alumnado da Escola de Cantería, ou que non teña unhas bases públicas claras para a súa execución.

TERCEIRO: Comprometerse a someter a concurso público a concesión de execución de obra escultórica pública, sempre que sexa posible e cumprindo os criterios artísticos e estéticos esixibles.

Moción Urxente Protocolo Xunta Covid19

Sra. Tourón Domínguez: Da lectura a moción seguinte:

“O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar co persoal docente e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio- económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.



Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Equipo de Goberno de Salceda, formado polo PSdeG-PSOE e Movemento Salceda non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAS e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade - tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto



para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, os grupos municipais do PSdeG-PSOE e Movemento Salceda presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

- 1- Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado, das familias do alumnado e concellos para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
- 2- Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
- 3- Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
- 4- Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
- 5- Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
- 6- Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.”

VOTACIÓN URXENCIA. Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da



moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.

Sra. Tourón Domínguez: O que se está pedindo nesta moción é o consenso con todos os factores intervincentes da Comunidade Educativa, é dicir familias, direccións, profesorado e Concellos, xa que o protocolo tamén nos fai asumir certos gastos. Está claro que non se pode seguir cargando ao profesorado coa labor de vixilancia e control nun caso tan excepcional como este. A Xunta de Galicia non contratou reforzo como ben saíu publicado o reforzo é un 0,55% o incremento, e dicir, realmente non é incremento, estamos á cola en todas as CC.AA de España, está claro que Galicia non ten rateos razoables como di o Presidente da Xunta de Galicia, razoables para unha ocasión como esta, a proba a temos en Salceda, realmente xa era un rateo elevado, aínda que dentro do que está previsto, co cal, se non se rebaixan rateos, nin se desdoblán aulas, nin se contrata profesores, está claro que volver ás aulas cos mesmos rateos e co mesmo profesorado que antes da pandemia pois non é cumprir cas medidas de seguridade.

En canto ao que nos pide a Xunta aos Concellos que asumamos a limpeza, si é verdade que a limpeza é competencia do Concello pero non confundamos que o que nos está pedindo a Xunta non é limpeza, o que nos está pedindo a Xunta a maiores é desinfección nun estado excepcional de pandemia, co cal está claro que o único que pretende facer a Xunta de Galicia e votarnos un coste máis, como xa o fixo anteriormente con outras competencias. Os Concellos como dicía antes Lucía están ao límite de gastos co tema desta pandemia, as arcas do Concello están cargando con gasto que nun estado como este corresponderían a Xunta de Galicia. Por suposto por nós, polo Concello, non van deixar de asistir os rapaces a clase, imos facer todo o posible e o que estea nas nosas mans, pero recordar que a Xunta de Galicia ten as competencias, o Goberno Central proporcionou ou vai proporcionar 100 millóns de euros á Comunidade Autónoma para xestionar a educación, o tema da pandemia, dos Concellos non sabemos nada. Está claro que Feijóo continúa a súa política, botando balóns fora, incrementando ao Concello en competencias, pasa coa desinfección na pandemia, pasa coa educación en xeral, pasa coa asistencia a domicilio que os Concellos teñen que asumir, pasa co canon da auga que despois non se mira reinvestido nos Concellos e que cobra a Xunta de Galicia. Dende logo no Concello de Salceda de Caselas non imos deixar en ningún momento, por moito que o Partido Popular se empeñe en dicir que se reduciron importes en educación, non imos a deixar de facer nada do que nos compete a nós, temos claro que pola nosa parte non se vai deixar de axudar para que os rapaces volvan as clases, pero a competencia é da Xunta por moito que o Sr. Feijóo se empeñe en dárrolas a nós. Hoxe como última noticia o Goberno Central tivo que interceder porque a Comunidade Autónoma igual que outras non tomaban as medidas e é competencia da Xunta de Galicia, está transferida, nos guste ou non é así, e si nós podemos asumir gastos o único que nos queda e que debatirá este equipo de goberno será e si finalmente e por culpa da Xunta de Galicia non se vai poder volver as aulas, se asumir



os gastos e pasarlle as facturas ou dicirlle simplemente ao Goberno Central que nos transfira a nós a parte que nos corresponde da parte que lle está transferindo a Xunta de Galicia xa que o Concello de Salceda non recibiu un duro.

Sra. Pérez Cabaleiro: Gústame bastante Verónica que te refiras reiteradamente ao Sr. Feijóo e creo que el quedou totalmente avalado nas urnas o 12 de xullo por todos os galegos e galegas, e a verdade e que está moción por parte de PSOE e Movemento Salceda paréceme cando menos curiosa e en algo estamos completamente de acordo, a educación é un pilar fundamental, é un dereito fundamental, é a base do cimento necesario. Por suposto a situación do coronavirus supuxo que nos visemos inversos nunha situación extraordinaria con consecuencias extraordinarias en áreas de educación e en todos os campos do noso día a día. Cando me refiro que é curioso que nos traian esta moción, refírome a que unha vez máis, sendo equipo de goberno polo tanto teñen que gobernar, que a veces parece que o pasan por alto, intentan escorrer o bulto e culpar a outras administracións e a outros grupos políticos da desorde ou da ben comprobada inacción. Agora alégrome que haxas afirmado que a limpeza do centro educativo neste caso do CEP Altamira é competencia municipal, porque levades varias publicacións dicindo que non tedes competencias en áreas de educación e menos en limpeza, e a Lei Orgánica 2/2006 como a Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local refírense a que a limpeza, conservación dos Centros educativos é materia municipal.

Critican o protocolo da Xunta de Galicia que propuxo en xuño, hoxe o Ministerio de Educación por fin se reuniu con todas as Autonomías de España na que se encontra Galicia e aprobou a dúas semanas da volta as aulas o protocolo, que xustamente vai en consonancia ao establecido pola Xunta. Como dixen o pasado mes de xuño, gracias a que a Xunta o propuxo no pasado mes de xuño os centros educativos tiveron tempo e marxe para adaptar os centros educativos ao mesmo, unha vez máis un paso por diante e anticipación.

Falan tamén nesta moción de que se inicien reunións cos representantes do profesorado por parte de Xunta, xa está feito, creo que son conscientes que o pasado 14 de agosto o Delegado Territorial da Xunta de Galicia en materia de educación se reuniu co equipo directivo do colexio Altamira. En canto a que se dote os centros de Galicia de profesorado ben sabedes que a Xunta de Galicia aumentou en 1000 os docentes en todos os colexios de Galicia e en Salceda sodes conscientes, e senón algo estades facendo mal como equipo de goberno, que se aumentaron os docentes para este curso 2020-21, así que o que dixo Verónica que de que non aumentan docentes en Salceda tampouco, creo que non é certo. En canto a que se tramiten modificacións orzamentarias por parte da Xunta de Galicia, nós aquí propoñemos unha emenda neste punto: unha modificación orzamentaria por parte do goberno MS-PSOE, xa que reduciron un 30% o investimento entre os anos 2018-2019, concretamente unhas partidas no 2019 que lle retiraron 25.000 a área de educación e no 2019 xunto co 2018 son en total 66.000€ na área de educación, pero como dixo antes o meu



compañeiro, aumentaron outras partidas como publicidade, dedicacións, soldos, polo que solicitamos esta emenda na que se faga un modificación orzamentaria repoñendo o 30 % que se reduxo na área de educación. Ademais e como tamén comentou antes o meu compañeiro Joaquín, acaban de aprobar uns orzamentos para o 2020 no que se reflexa o mesmo anexo de subvencións en educación neste 2020 que no ano 2010, é dicir, 10 anos coa mesma cantidade cando as necesidades, todos somos conscientes, son completamente distintas.

En canto a limpeza como xa dixen gracias Verónica por recoñecer que é unha materia municipal, xa que levades escorrendo o bulto sinalades que é competencia da administración autonómica dende fai tempo. Tamén onte chegounos unha publicación cos gobernantes do PSOE, reclamando fondos a Xunta, nesa reclamación fala Abel Caballero, Presidente da FEGAMP, que acaba de votar a favor de que se incaute os aforros de todos los Concellos de España para entregarlos ao Goberno de Pedro Sánchez e tamén nos chama a atención de que votastes en contra da nosa moción de que se lle devolva por parte do goberno de Pedro Sánchez a todos os galegos os 200 millóns que nos deben polo pago do IVE.

Reiteramos o noso compromiso, neste caso, de votar a favor nesta moción porque consideramos prioritario, como dixen, velar pola educación dos nosos cativos, é un pilar fundamental, todo o que se destine para Salceda é un ben común para absolutamente todos, por iso o noso voto a favor, pero queremos que se atenda evidentemente a nosa emenda que se vai presentar por rexistro para repoñer ese 30% que vostedes lle retiran a educación, porque aí si que demostraredes o voso compromiso real e efectivo ca educación dos salcedenses.

Sr. Rodríguez Canosa: A postura de Movemento Salceda respecto desta moción evidentemente vai ser a favor, esta moción que presentou a miña compañeira Verónica. Faime gracia que o Partido Popular se posicione, poñen a escusa do orzamento para non votar en contra, se falamos de escorrer o bulto, iso foi o que fixo Feijóo durante a crise do coronavirus. Podo lembrar que Feijóo saía todos os días en televisión ata o 12 de xullo, a partir de aí desapareceu Feijóo. Sempre pedía competencias para a Xunta, cando llas deron dixo que as competencias que vaian para o Estado ou incluso para os Concellos. Todos sabemos de resolucións que Feijóo dixo isto ten que ser así pero que pague o Concello, como por exemplo o caso da limpeza dos centros educativos, que si é competencia nosa nunca, dixemos que non fora competencia nosa, pero evidentemente non poder obrigar a limpar o triplo ou catro de veces máis e non dotar de fondos isto. Podíamos falar un pouco da xestión de Feijóo no coronavirus tanto en educación como na sanidade, somos das Comunidades Autónomas que menos PCR fan, somos das Comunidades Autónomas que menos rastrexadores temos. A taxa de PCR de cada 100.000 habitantes de Galicia é de 7,44% e a media estatal e do 10,27%. Temos sorte que estamos apartados aquí nunha esquina e non temos unha taxa moi alta de contaxio porque senón as cousas non estarían igual como están. Esperemos que a cousa siga así tranquiliña, temos a



sorte de vivir na área sanitaria que menos influencia ten de coronavirus, esperemos que todo siga así e que non teñamos que lamentar a falla ou a mala xestión de Feijóo.

Sra. Tourón Domínguez: Claro que asumimos que a limpeza é dos Concellos, o que non pode facer o Sr. Feijóo é chamarlle limpeza á desinfección, a desinfección nun tema de pandemia e ademais sanitario non pode a Comunidade Autónoma botarlle “o morto” aos Concellos, desinfección, aínda que todos utilizemos a palabra limpeza porque é a palabra que utiliza o Sr. Feijóo no protocolo que aprobou. A verdade e si nos decatamos que o Xefe Territorial estivo en Salceda pola publicación na prensa pola Xunta de Galicia, porque non se dignou nin sequera a chamar á Alcaldesa a Concelleira de Educación. Xa que nos pide que asumamos e apertemos o cinto ao Concello nese protocolo que el aprobou sen consensuar e non pedimos o consenso co profesorado só, nin a reunión co profesorado só, o punto di *“reunións cos representantes do profesorado, das familias do alumnado e Concellos”* porque si temos que asumir, teremos polo menos que consensuar. A situación que temos non é outra que o resultado de anos de xestión de Feijóo nesta Comunidade Autónoma, si tivéssemos outras instalacións e si tivéssemos outras inversións da Comunidade Autónoma no Concello de Salceda de Caselas durante os últimos anos, ao mellor non nos mirábamós nesta situación.

En canto a dicir que si subimos ou baixamos no orzamento, me encanta, ao final o Partido Popular defende todos os temas, solo che faltou dicir a baixada de soldos para arranxar a desinfección que a Xunta de Galicia nos bota a nós, porque defendedes todos os temas co mesmo tema dos orzamentos.

Para rematar a min gustaríame saber onde están os 100 millóns de euros ou que vai facer a Xunta cos 100 millóns euros que lle vai transferir o Goberno Central para gastos educativos, xa que llos entrega á Comunidade Autónoma pois que se faga cargo que os invista na educación, que se faga cargo dos gastos excepcionais nunha situación de pandemia sanitaria a parte de educativa, competencia tamén da Xunta de Galicia. Tamén nesa liña, se saben os compañeiros do Partido Popular onde están os 20 millóns que o Estado entregou para política social, xa que dende benestar social se tiveron que asumir costes a maiores polo tema da pandemia e do que tampouco se recibiu un duro, ademais de limpeza de rúas e demais, como dicía antes na situación de pandemia. Mirade Feijóo segue facendo folga de competencias, o fai en todo e está aproveitando a pandemia para continuar con esa liña de traballo, e falamos de incautación, incautación é o que está facendo cos Concellos, facéndonos asumir gastos que lle corresponden a Xunta de Galicia iso si é incautar diñeiro aos Concellos.

Sra. Pérez Cabaleiro: A verdade é que tedes unha clara obsesión co Presidente Feijóo, reitero Feijóo foi abalado nas urnas e gañou por cuarta vez consecutiva con maioría absoluta, entendo a vosa rabia, terceira forza política e Podemos desapareceu do parlamento de Galicia, os galegos son os que referendaron unha vez máis o



Presidente Feijóo, para seguir sendo o seu Presidente na Xunta de Galicia é dicir o que xestionou durante a pandemia e durante os últimos catro anos e nas anteriores legislaturas e o que quere que siga facendo na Xunta de Galicia todos os galegos e galegas. Álex simplemente che digo que revises os datos oficiais porque o que acabas de dicir é unha auténtica burrada, e sobre todo que non te refiras a Galicia de forma tan despectiva de onde se posiciona. Poderíame referir aos salarios pero non o vou facer porque os salarios son desorbitados, podería defender ese tema pero non o vou a facer.

Sr. Rodríguez Canosa: Simplemente quero reafirmarme, si xeograficamente Galicia queda nunha esquina, non hai nada que ocultar, e enriba de Portugal. Reafírmome que a taxa de PCR por cada 100.000 habitantes é de 7,44% e a media do Estado e é 10,27% a pasada semana, é a terceira Comunidade Autónoma que menos PCR fai, ao inicio de pandemia foi de 113 cada 100.000.

Sra. Alcaldesa: Os dous partidos que formamos o equipo de goberno o temos claro, que a emenda é unha mera escusa para non aceptar o que realmente importa que é levar a diante esta moción. Ana Cristina nós defendemos os intereses dos nenos e das nenas de Salceda, eu xa sei que ti defendes outros ben diferentes. A educación e saúde dos nenos e nenas de Salceda é fundamental para nós, debe ser o primeiro e Xunta non pode saírille gratis esta situación de pandemia, ten que investir, foron destinados fondos para eles, isto é así, non pode saírille gratis ten que asumir a súa responsabilidade e as súas competencias e este equipo de goberno defende os nenos e as nenas ante a educación e sanidades deste Concello.

VOTACIÓN DA EMENDA de engadir como punto catro o seguinte: “facer unha modificación orzamentaria repoñendo un 30% que se reduxo na área de educación.”

Sometida a votación a emenda, esta resulta rexeitada por SEIS votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3)

VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) E SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Partido Popular, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado, das familias do alumnado e concellos para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.



SEGUNDO: Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.

TERCEIRO Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.

CUARTO: Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.

QUINTO: Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.

SEXTO: Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Comparecencia da Concelleira responsable da área de educación a petición do grupo municipal do Partido Popular.

Sra. Alcaldesa: Deberíamos votar esa comparecencia e no próximo pleno comparecer ou non, pero esta Concelleira aceptou e vai comparecer hoxe.

Sra. Ledo Souto: Buenas noches a todos, comparezco para responder a todas las preguntas que me hace el Partido Popular que dice lo seguinte: “Dar conta de todas as medidas, accións, decisións, acordos, propostas e escenarios de actuacións feitas e futuras sobre todo o relacionado ca COVID-19 no ámbito educativo de Salceda”

Desde el pasado 12 de marzo que se anunció el cierre de los colegios para el 16 de marzo me puse en contacto con las direcciones de los cuatro centros públicos que tenemos en el Concello con el IES, con el CEP, con el CRA y con la Galiña Azul, disposición absoluta del Concello para lo que necesitasen, pasadas dos semanas y visto que non se iban a reanudar las clases presenciales me volví a poner en contacto con ellos y a su entera disposición. Lo primero fue contacto y reuniones con las direcciones para evaluar las necesidades de los equipos directivos, se activó desde



servicios sociales, área que también llevo, contacto permanente con el equipo de orientación y dirección para poder detectar cualquier necesidad por parte de las familias de los niños del colegio. Desde el gabinete de logopedia municipal se hizo también un seguimiento a todas las personas usuarias de este servicio durante todo el curso, desde el SAT, servicio de atención temprana, también se hizo el seguimiento permanente de todas las personas que utilizaban el servicio. A estos dos servicios se les dotó de medios para que telemáticamente pudieran estar en contacto permanente con familias y alumnos. Organizamos con protección civil la entrega de ordenadores y material escolar y también varias veces por semana entregar y recoger tareas escolares en los domicilio de los alumnos. Al mismo tiempo se estuvieron cubriendo todas necesidades de desinfección en las zonas del colegio donde se estuvo trabajando tanto el personal docente como la dirección de cada centro. Todas estas áreas estuvieron coordinadas en todo momento por esta concejala. Además solicitamos a la Xunta de Galicia la reforma integral dos baños de Altamira, no puede ser que en la situación que nos encontramos ahora mismo los niños y niñas de Salceda tengan que estar utilizando esos baños. También le solicitamos que asuman el coste de la desinfección que marca su protocolo, tres veces a lo largo de cada jornada lectiva, estamos hablando de una excepcionalidad, pues esto no es limpieza sino desinfección que es lo que marca el protocolo, limpieza y desinfección. Nos mandan desinfectar zonas comunes y baños, desinfectar, el propio protocolo lo dice así, tres veces durante la jornada lectiva.

Durante el verano mantuve contacto permanente con las direcciones y ANPAS de todos los centros, llevamos semanas realizando las tareas de mantenimiento y conservación que corresponden al Concello en todos los centros educativos, además de las desinfecciones en los centros, en todos los centros, en el comedor y en los espacios que utilizan los niños durante el curso y están programados desbroces, también desinfecciones y limpieza de las marqueras.

Tengo programadas reuniones con ANPAS y dirección que se incorporarán para la semana que viene. Es sorprendente que se pida mi comparecencia por parte de ustedes, estoy encantada de explicar todos los pasos que se dieron hasta ahora durante todos estos meses desde marzo, pero las instalaciones, los protocolos y la rático son competencia de la Xunta. Desde que ostento el cargo de concelleira fueron varias las ocasiones que solicité ser recibida por la Xefatura Territorial, no tengo ninguna respuesta ni por parte de su persona ni de la Consellería que también se le solicitó. Desde la Consellería sí se nos contestó de que avisarían a la Jefatura Territorial para que nos diesen una cita, un año después estamos esperando a pesar de que recientemente visitó las instalaciones y no tuvo a bien ni concedernos una entrevista un ratito ahí.

Desde el equipo de gobierno tenemos muy claras las prioridades en educación pero también tenemos muy claras las competencias, seguiremos ofreciendo nuestra colaboración con la Xunta de Galicia para que el alumnado de Salceda tenga la mejor



educación pública, por nuestra parte no quedará nada sin hacer que impida el regreso a las aulas, pero Feijóo tiene que dejar de pasar su trabajo a los Concellos y gestionar la Comunidad Autónoma. No se trata solo de ganar elecciones en mayo o en julio, también se trata de gestionar.

Sra. Pérez Domínguez: En primeiro lugar Gela esta comparecencia non cha pedimos sobre o que se fixo no confinamento senón sobre as medidas que se van a tomar sobre o inicio do curso, o que che pediron os coles, as ANPAS, as medidas que necesitan. A parte de todo, neste pleno o que se saca aquí en limpo e que nos encanta delegar responsabilidades noutros órganos o que se ben coñecendo como “votar balóns fora”. Estamos nunha situación excepcional, é a COVID-19 e teñamos os colores políticos que teñamos temos todos que arrimar o ombreiro e ir remando todos na mesma dirección porque si se quere pódese, o caso é querer. Fala vostede de que tivo moitas reunións ao longo destes días, a min cónstame, porque eu tamén estiven cas ANPAS, que onte tivo vostede a primeira reunión coa ANPA de infantil, unha ANPA que se acaba de formar, están totalmente a cegas, non sabían o que ía pasar, e vostede ten a súa reunión onte, casualidades, un día antes da súa comparecencia.

Din que a limpeza é cousa da Xunta como non, aí pon e decides a desinfección, e leo textualmente *“limpeza de polo menos unha vez ao día reforzandoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade do uso como no caso dos aseos onde será de polo menos de tres veces ao día”*. O que non decides vós e que non só se ten que dar esa desinfección a empresas externas tamén a poden facer persoal municipal, persoal que xa temos contratado e persoal que non vai a dar máis gasto. Podes ter un persoal alí, conserxe ou persoal que xa están desinfectando agora alí, que xa están preparados, e poden pasarse por alí tres veces ao día, para iso están traballando e non é ningún custe adicional. Din que os gastos desa limpeza ascenden a 10.000€, a solución é moi fácil, como dixo o meu compañeiro Joaquín, como dixo a miña compañeira Ana Cristina, deixen vostedes de recortar en educación que como ben dixeron no anterior Plan económico financeiro reducíronse 25.700€, pero é que dende 2018 son 66.000€ en educación.

Qué medidas se van a tomar ante un posible novo confinamento? Porque ata onde temos nos entendido o Concello votou en contra da implantación do libro electrónico, nun consello escolar onde a ANPA, os pais e o profesorado votan que si ao libro electrónico o único que vota que non é o Concello, como podes votar que non sabendo que agora mesmo é o momento? E para o noso asombro alegando entre outras cousas que o profesorado e os pais non están preparados, que non é o momento, e que pode haber problemas de conexión. En primeiro lugar: agora é o momento, é máis, se me apura o momento xa era antes. En canto a vulgar a capacidade dos docentes, primeiro considero que non é quen para facelo e segundo, o profesorado que estea a cargo de quinto curso que é onde se vai a implantar o libro electrónico recibirá formación necesaria nun curso que se dará agora en setembro,



pero e que a parte diso están con unha coordinadora constante que lle axudará e que os asesorará en todo o que precisen. En canto á conexión están dotados dun pincho e todos coñecemos que lle van a dar wifi en calquera momento pero si iso fora pouco, as actividades pódense cargar no ordenador e levar para casa sen ter necesidade de wifi.

Sra. Ledo Souto: En canto ao do libro electrónico era el programa, era a ese programa de libro electrónico, cuando quieras te lo explico pero con la documentación en la que yo me basé para votar en contra, porque es un programa de hace 10 años tranquilamente y que está bastante desfasado porque no es compatible ni para utilizar videollamadas, no es compatible con la plataforma que puso la Xunta para hacer vidollamadas con los niños, no es compatible con ese tipo de ordenador, esa es una de las cosas. Yo no dudé en ningún momento de los profesores de quinto, dudé de que este año no era el momento porque ni los niños ni los profesores tenían la formación adquirida y que iba a ser muy complejo, y que había otros sistemas. Yo no estoy en contra de la digitalización, me imagino que los puedas entender o que lo dará por hecho, yo por lo que voté en contra fue de ese programa en concreto y porque hay otros sistemas que están mucho más avanzados que ese y mucho más cómodos para padres y para alumnos y para profesores. Tú dices que me preguntabas por las medidas que se tomaban para setiembre, en la solicitud que hacéis pone *“dar conta de todas as medidas, accións, decisións, acordos, propostas e escenarios de actuación feitas e futuras”*. Yo creo que en mi exposición te hablé de la hechas y de las futuras.

Por nuestra parte no quedará nada sin hacer que impida el regreso de los alumnos a las aulas y nada es asumir un montón de obras en el Concello que a lo mejor en el mantenimiento son inversión y que las hacemos porque se llevan hecho todos los años. Las obras que se están haciendo en todas las unitarias, se están preparando todas la unitarias para que empiece el curso, pero lo demás, la educación sigo diciendo y te lo diré es competencia de la Xunta de Galicia que la tiene transferida del Gobierno Central. A los concellos lo que nos pide y nos manda hacer es mantenimiento de los centros educativos, mantenimiento, y mantenimiento es calefacción, luz, lo que estamos haciendo y a mayores hacemos arreglos, hacemos inversión en muchas ocasiones, lo que pasa en este momento la inversión que se nos pide si supone, porque una limpieza tres veces, limpiar tres veces durante una jornada lectiva en el colegio Altamira supone que tiene que haber allí dos personas cinco horas, supone que tiene que haber dos personas circulando por todas las unitarias, dos personas y un vehículo toda la mañana y otra persona en el CRA, son cinco personas que tenemos que contratar. El Concello si coge a cinco personas de las que ahora actualmente tiene para hacer ese trabajo no hace lo que están haciendo esas cinco personas y no nos corresponde, nos corresponde la limpieza mantenimiento no nos compete una excepcionalidad como es la COVID, y no nos corresponde. A lo mejor la Xunta si en los últimos diez años en vez de cerrar los más de cien colegios que cerró invirtiera en ellos hoy no estábamos en esta situación y no



tenía que asumir esos gastos todos, pero estamos aquí, y desde el Concello las competencias que tenemos, que las marca la Xunta de Galicia son las que estamos cumpliendo, que es mantenimiento. Estamos dando subvenciones, estamos aportando más cosas, no nos importa porque tenemos clara la prioridad, y vuelvo a repetir si la Xunta de Galicia no manda a nadie a limpiar o no lo quiere pagar que no lo pague, se lo reclamaremos y se lo pediremos, pero la competencia la tienen ellos y lo va a hacer el Concello como se pueda, pero que se sepa y que todos los vecinos lo sepan que no es competencia del Concello.

Sra. Perez Domínguez: Din que van a facer todo o posible, que asumirán a limpeza pero seguen votando balóns fora. Vostedes ao dicir que non ao libro electrónico están dicindo que no caso doutro posible confinamento están impedindo que os alumnos estean máis preparados e con recursos para elo, iso é moi grave, a parte doutros beneficios varios que pode ter a implantación dese libro electrónico, desa plataforma en concreta, a parte de que os nenos están súper motivados, son nenos de 10 anos, os ordenadores son a súa vida. Os mestres poden elaborar a súa propia mochila dixital, adaptada a cada un, teñen varias editoriais e eles elixen, eles escollen cal vai mellor a súa maneira de implantar a educación, a parte dun acceso ilimitado a información e que pode ofrecer contidos individuais para os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, e que ante un posible confinamento estarían todos dotados de ordenadores e estarían máis preparados e promove a igualdade nos recursos educativos e tecnolóxicos, que tanto se fala de igualdade pois aquí o temos. Seguen recibindo aínda así axudas para material e o ordenador aínda por enriba cárgase na aula. Non sei se tiveches a oportunidade de ver os equipos, a nós ensináronnolos, son como unhas taquillas, deixas alí o ordenador e cárgase.

Tamén falastes do seguro optativo do ordenador, é un seguro optativo, 49€ son 100 alumnos en quinto, 100 x 49 son 4900 €. Xa que queredes arrimar o ombreiro, pois asumide vos ese custe igual que o custe que lle vai a ser a maiores nos comedores, obviamente o prato vai a valer máis, ten que haber máis monitores, ten que haber maior limpeza, o custe desa diferenza de prato estou segura que todos os veciños de aquí agradecerían que puiderades realizar a diferenza, non todo, para que sigan pagando, que xa bastante é. O dos baños cóstanos que estiveses alí e a Xunta si os vai a levar a cabo, vai a ser un bo proxecto. Tamén me gustaría saber se vostede sabe que número de ratios hai en primaria e si se dotaron de profesorado en primaria, porque eu si son consciente, dotáronse de dous profesorados novos e as ratios a aula que mas ten son 23 alumnos en sexto, as outras están en 19-20, claro que si seguen a ser unha rateo bastante grande, pero dentro do malo non estamos tan mal e todos temos que arrimar o ombreiro.

Sra. Ledo Souto: El proyecto fue aprobado, los niños van a tener los ordenadores, vuelvo a decir, voté en contra de ese programa porque entiendo que los hay más avanzados y más al día, pero vuelvo a repetir, cuando quieras nos sentamos y

hablamos de ese punto en concreto. Lo de ver los ordenadores los vi, lo de ver los ordenadores no me soluciona nada, no son compatibles en muchos casos y dan sus dudas a día de hoy porque hay cosas bastante más avanzadas, de todas formas se dotó de ordenadores a quinto, no se dotó de ordenadores a todo el colegio Altamira.

Con respecto a los baños me hace mucha gracia, porque llevamos años pidiéndolo desde el Concello, desde la dirección y desde el Consello escolar y si se van a arreglar los baños lo importante era saber cuándo y cuales? Porque no se van a arreglar todos. Yo la información que tengo es que se van a arreglar los del cole Altamira, los del gimnasio van a quedar igual de momento. El confinamiento y la COVID llevamos desde el 12 de marzo que se anunció el cierre, los baños el Altamira estaban igual el 13 de marzo que están hoy, nos quedan dos semanas para empezar el colegio y haremos las obras mientras estén los niños en el colegio con suerte y que se puedan incorporar. Con la directora del CRA no me reuní en una oficina entre otras cosas porque la directora vive en Orense y estuvo todo el verano yendo y viniendo, pero por teléfono y están mis compañeros de testigos, que dos veces por semana hablé con ella todo el verano, como mínimo. Dos profesores mas sí, la ratio en el colegio Altamira yo lo sigo considerando alto, yo sé cual es la ratio, sé que solo hay un aula que excede los 20 niños, pero no quiere decir que el cole Altamira este preparado, el patio y demás para los espacios de 500 niños. En ningún momento digo que la ratio esté muy por encima, para mí sería perfecto con 15 alumnos, sería perfecto, ideal 15 alumnos por profesor, yo nunca dije que no se estaba cumpliendo con la ratio, yo siempre hablo de las instalaciones y de los servicios que tiene que dar la Xunta como el comedor y que nos lo da.

Dación de conta de decretos dende o nº 2020-537 de 19 de xuño ata o núm. 2020-808 de 23 de agosto.

Queda dada conta dos decretos dictados dende o nº 2020-537 do 19 de xuño ata o núm. 2020-808 de 23 de agosto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sra. Alcaldesa: Estamos en torno a unha da madrugada, creo conveniente levantar esta sesión e que presentedes os rogos e preguntas por escrito e seranvos respondidas ou ben por escrito ou ben no vindeiro pleno. Mañá temos a primeira hora unha reunión importante para un documento tan importante como é a RPT, e creo que o máis convinte é levantar a sesión.

Sr. Rodríguez Davila: Unha vez máis por coherencia e dada a situación da hora que é



o noso grupo non ten ningún problema en aceptar o que acaba de dicir a Alcaldesa. Agradézolle aos veciños que seguen a través da canle escoitándonos e que cada un saque as súas conclusión.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE